



CPI de ATIOS
Valdoviño

Programación didáctica
2º CICLO
Curso: 2014-2015

Xefe/a de departamento ou coordinador do ciclo:	Materias / Ciclos
Juan Ramón Alonso García	A.L.
Membros do departamento	Materias / Ciclos
Laura Adela Fernández Blanco	4ºB
Dolores Freire Villar/ Substituta: Laura Río Hortas	4ºA
Ana Isabel Morales Moya	3ºA/ EF (3º A/ EI)
Ana Isabel Díaz Cartelle	3ºB/ LI (3ºB)
Teresa de Jesús Dopico Rivera	MÚSICA/ LG (3ºA)

1.- Introducción e contextualización.

O segundo ciclo de educación primaria do CPI Atios está constituído por un total de seis mestres , os catro titores de cada curso, todos con destino definitivo no centro menos a persoa encargada de 3º A, que está nunha permuta; tamén a este ciclo están adscritos un mestre especialista en audición e linguaxe, que é o coordinador e unha mestra especialista en música responsable do equipo de normalización lingüística.

Neste ciclo hai un total de 81 alumnos e alumnas, distribuídos do seguinte xeito:

3ºA	⇒ 22 alumnos e alumnas	4ºA	19 alumnos e alumnas
3ºB	⇒ 21 alumnos e alumnas	4ºB	19 alumnos e alumnas

Entre estes alumnos hai varios alumnos con necesidades educativas especiais: un rapaz diagnosticado de Asperger, outro diagnosticado de dislexia, TDAH, ... e varios repetidores.

2.- Contribución das áreas e materias ao logro das competencias básicas.

MATERIA	ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO
---------	-------------------------------------

Os contidos da área de Coñecemento do Medio contribúen especialmente á competencia de coñecemento e interacción co mundo físico e á competencia social e cidadá:

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

Ao finalizar o segundo ciclo, dentro do ámbito desta competencia, os alumnos deberán ser capaces de:

- Explicar como funcionan os principais sistemas e aparellos do corpo humano, os cambios que este experimenta ao longo da vida, os perigos aos que está exposto e como protexelo, co fin de identificar e adquirir hábitos saudables para a súa alimentación e para o seu coidado.
- Reflexionar críticamente sobre o uso dos recursos naturais e os problemas ambientais asociados para recoñecer accións prexudiciais para os animais, as plantas ou as persoas, comprender a necesidade de coidar o medio e manifestar actitudes responsables co medio natural.
- Aplicar coñecementos científicos adquiridos como os movementos da terra e da Lúa e as propiedades básicas da materia, dos minerais, da auga, do aire, da enerxía e das forzas, para explicar o mundo físico ou fenómenos naturais como o día e a noite, as estacións, o ciclo da auga, o tempo atmosférico ou o clima.
- Identificar e clasificar animais e plantas segundo diferentes criterios científicos, explicar como satisfan as súas necesidades fundamentais e concretar as principais interaccións que establecen os seres vivos dentro dos diferentes ecosistemas.

- *Recoñecer e diferenciar distintos tipos de paisaxes e as características do relevo, das augas, da flora e da fauna de Galicia, e interpretar os elementos básicos de diferentes tipos de mapas.*

- **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

Ao finalizar o segundo ciclo, dentro do ámbito desta competencia, os alumnos deberán ser capaces de:

- *Comprender a organización política e territorial da localidade, de Galicia e de España, e coñecer os datos básicos sobre as actividades económicas, a poboación e as institucións de Galicia, para poder participar como cidadáns activos na vida social.*

- *Diferenciar as formas de vida das distintas etapas da historia e recoñecer civilizacións, feitos e personaxes do pasado, para comprender o presente do seu medio máis próximo. Igualmente saberán organizar feitos dentro dunha secuencia temporal.*

- *Comprender e valorar a realidade social e a importancia das leis e das institucións locais, autonómicas e estatais, para así convivir dun xeito tolerante e solidario.*

A área de Relixión contribúe a esta competencia tentando que o alumnado sexa capaz de:

- *Promover as capacidades, os hábitos, os coñecementos e os valores necesarios para comportarse como un bo cidadán e desenvolver a dimensión moral da persoa, especialmente o compromiso de defender a liberdade das persoas.*

- *Valorar a natureza como Creación de Deus e parte da súa Providencia.*

- **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- *Esta área, ao longo do segundo ciclo, favorece nos alumnos o coñecemento e a valoración de expresións culturais doutras sociedades e momentos históricos e permite así mesmo a realización de actividades de creación plástica. Tamén se contribúe ao desenvolvemento desta competencia a través da observación, interpretación e análise de gráficos, ilustracións e fotografías.*

A área de Relixión contribúe a esta competencia tentando que o alumnado chegue a:

- *Desenvolver o coñecemento de obras de arte relixiosa que representan as principais verdades de fe sobre Xesús Cristo.*

- *Desenvolver o coñecemento de obras de arte relixiosa que representan acontecementos da vida da Virxe María narrados no Novo Testamento.*

- *Promover o coñecemento e a interpretación da simboloxía relixiosa en representacións da Inmaculada Concepción.*

- *Desenvolver a creatividade e expresión mediante elementos plásticos*

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

A área de Coñecemento do Medio favorece o desenvolvemento desta competencia en varias vertentes. Por unha banda, os alumnos e alumnas afianzan a súa comprensión lectora grazas á lectura de textos informativos e ao traballo proposto sobre eles. Por outra banda desenvolve habilidades de comunicación oral a través da proposta de actividades que perseguen o intercambio de opinións, a narración de experiencias persoais ou as exposicións orais dos temas. Por último, vese favorecida a comunicación escrita, dado que son numerosas as ocasións nas que se propón a realización de traballos por escrito.

A área de Relixión contribúe a esta competencia tentando que o alumnado sexa capaz de:

- Comprender textos sobre experiencias humanas e extraer as súas mensaxes para a vida persoal, social e relixiosa.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Expressar sentimentos, pensamentos, vivencias e opinións.

- **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

Neste ciclo, as múltiples actividades de aplicación de coñecementos e de solución de problemas cotiáns que se propoñen na área de Coñecemento do Medio supoñen o desenvolvemento desta competencia. Igualmente os textos e as actividades que se propoñen permiten que os alumnos realicen o seu traballo de forma autónoma.

A área de Coñecemento tamén contribúe ao desenvolvemento da autoestima persoal e ao equilibrio emocional dos alumnos e alumnas a través dun mellor coñecemento do corpo e dunha valoración positiva da saúde. Igualmente, refórzanse os compoñentes socioemocionais ao afondar no coñecemento e a comprensión das interrelacións que se establecen nos medios nos que se integran os alumn@s (localidade, comunidade, natureza, ...)

A área de Relixión contribúe a esta competencia tentando que o alumnado sexa capaz de desenvolver a identidade persoal e habilidades sociais e persoais para expresar os propios sentimentos relixiosos.

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA**

Esta área contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática, especialmente naqueles temas relacionados coas ciencias físicas e coa xeografía. Os alumnos serán capaces de interpretar e expresar de xeito matemático diferentes magnitudes e fenómenos, como a temperatura ou os efectos das forzas; de utilizar e de aplicar os coñecementos adquiridos relacionados coa interpretación numérica do mundo físico (a medida do tempo e a distancia) e da sociedade (variables demográficas e económicas); e de clasificar feitos históricos dentro da súa etapa correspondente.

- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

Os alumnos e alumnas desenvolverán esta competencia a través de actividades de observación e descrición da realidade, ao igual que de rexistro e clasificación de información en distintos formatos (táboas, fichas, escritos,...). Por outra parte, esta área vai permitir afondar no coñecemento do ordenador a través do emprego do canón ou a través de actividades que precisen da busca en Internet.

- **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Esta competencia desenvólvese a través das numeroas técnicas que se propoñen para seleccionar, organizar, interpretar e memorizar información, e da posta en práctica de habilidades e capacidades adquiridas.

A área de Relixión contribúe a esta competencia tentando que o alumnado sexa capaz de:

- Desenvolver técnicas para aprender, organizar, resumir, memorizar, buscar e aplicar información sobre a fe da Igrexa en Xesús Cristo.
- Observar, co fin de adquirir a suficiente información relevante.

A.-EDUCACIÓN MUSICAL.

As achegas da área de Educación Artística ás competencias básicas, no que compete á Educación Musical, son as seguintes:

- **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.**
 - Ser quen de valorar obras artísticas (literarias, teatrais, cinematográficas e musicais).
 - Ser quen de elaborar pequenos textos e ritmos a partir de melodías, fotografías e outras manifestacións artísticas.
 - Ser quen de realizar actividades artísticas e musicais a partir de textos literarios.
 - Ser quen de desenrolar habilidades motrices para expresarse corporal e instrumentalmente.
 - Ser quen de aprender a expresarse e comunicarse a través da voz de xeito individual e colectivo.
 - Ser quen de disfrutar coas audicións musicais, a danza, o teatro e o cine dunha forma activa.
 - Ser quen de distinguir as características dos sons para aplicalas na vida cotiá.
 - Ser quen de coñecer e utilizar grafías convencionais e non convencionais da liguaxe musical.
 - Ser quen de manifestar o seu interese pola música como instrumento para ser feliz, aprender e relacionarse cos demais.

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.**
 - Ser quen de comprender e producir mensaxes orais con finalidade didáctica ou de uso cotián.
 - Ser quen de participar en intercambios comunicativos respectando as normas.
 - Ser quen de entender e escribir diferentes tipos de textos literarios: poemas, cancións, contos.
 - Ser quen de comprender textos literarios adecuados aos seus intereses.
 - Ser quen de manifestar interese pola lectura e escritura como instrumentos para relacionarnos cos demais e para aprender.

- **INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.**
 - Ser quen de extraer de diferentes textos información sobre os elementos da natureza.
 - Ser quen de deducir a partir de documentos informativos (impresos ou audiovisuais) as relacións do home co medio.
 - Ser quen de asumir hábitos responsables a partir das mensaxes publicitarias.

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA.**
 - Ser quen de estruturar o espazo (danzas).
 - Ser quen de estruturar o tempo (ritmos).
 - Ser quen de secuenciar historias e ordenar viñetas relacionadas cos textos propostos.
 - Ser quen de expresar musicalmente o significado dos números que aparecen na liguaxe

musical.

- Ser quen de temporalizar as notas, os silencios e as súas duracións.

✓ **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.**

- Ser quen de buscar e seleccionar información nun texto informatizado.

- Ser quen de utilizar a biblioteca e os seus servicios de forma correcta.

- Ser quen de comprender diferentes tipos de ritmogramas, imaxes de instrumentos, partituras,... expostos en diferentes formatos.

- Ser quen de realizar actividades utilizando as ferramentas informáticas apropiadas á súa idade.

✓ **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.**

- Ser quen de comunicarse a través da música cos outros no senso de mellorar a convivencia.

- Ser quen de manifestar musicalmente as súas inxedanzas e comprender as dos demais.

- Ser quen de aprender a respectar realidades distintas ás nosas e saber valoralas.

✓ **APRENDER A APRENDER.**

- Ser quen de facer un uso correcto da música como ferramenta básica do aprendizaxe.

- Ser quen de memorizar pequenos poemas, cancións, adiviñas, etc.

- Ser quen de expresar de forma resumida o contido dun documento (contos, teatro, películas.)

- Ser quen de favorecer o desenvolvemento da aprendizaxe a través de actividades relacionadas coa atención e a memoria visual e auditiva.

✓ **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.**

- Ser quen de realizar o traballo de música de forma autónoma.

- Ser quen de decidir entre varias opcións.

- Ser quen de demostrar o que se sabe nun determinado momento.

MATERIA	ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
---------	--

✓ **Competencia en comunicación lingüística:**

- Ser capaz de comprender e producir mensaxes orais que teñan finalidade didáctica ou sexan de uso cotiá.

- Ser capaz de participar activamente en intercambios comunicativos orais respetando as normas que os rexen.

- Ser capaz de escribir textos relacionados co ámbito académico ou con situacións cotias de relación social, así como textos de información e opinión.

- Ser capaz de ler e comprender de forma autónoma textos literarios adecuados á súa idade e intereses.

- Ser capaz de manifestar interés pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionarnos cos demais e para aprender.

✓ **Competencia matemática:**

- Ser capaz de establecer a secuencia temporal dunha historia mediante a numeración e ordenación de viñetas.

- Ser capaz de identificar determinadas clases de palabras cuantificadoras.

✓ **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:**

- Ser capaz de comprender textos informativos relacionados co mundo físico que permiten coñecer millor os elementos da natureza, a influencia e as relacións que manteñen os seres humanos co espacio no que viven.

✓ **Competencia no tratamento da información e competencia dixital:**

- Ser capaz de seleccionar, comprender e transmitir información.

- Ser capaz de comprender diferentes tipos de textos, relacións de imáxenes, expostos en diferentes formatos.

- Realizar actividades utilizando as ferramentas informáticas apropiadas a súa idade.

✓ **Competencia social e cidadá.**

- Ser capaz de entender e utilizar a lingua como instrumento básico na comunicación humana, entendida como o conxunto de habilidades necesarias para a convivencia.

- Ser capaz de aprender a comunicarse cos demais e comprender o que os outros nos transmiten.

- Valorar outras realidades diferentes á nosa e facilitar a erradicación de prexuízos e imáxes estereotipadas.

✓ **Competencia cultural e artística:**

- Ser capaz de ler e valorar mediante a lectura obras literarias infantiles de diferentes épocas e culturas.

- Ser capaz de desenvolver habilidades propias da educación artística a través dos debuxos e fotografías que acompañan aos textos.

- Ser capaz de facer creacións plásticas a partir de contidos lingüísticos.

✓ **Competencia para aprender a aprender:**

- Ser capaz de facer un uso correcto da lingua como ferramenta básica da aprendizaxe.

- Ser capaz de leer aceder ao coñecemento así como escribir para reelaborar e asimilar os contidos.

- Ser capaz de mellorar a velocidade lectora ou a comprensión, así como a correcta expresión dos coñecementos.

✓ **Competencia de autonomía e iniciativa personal:**

- Ser capaz de realizar autónomamente os traballos.

- Ser capaz de poñerse no lugar do outro.

MATERIA	ÁREA DE MATEMÁTICAS
---------	----------------------------

Os contidos da área de Matemáticas contribúen especialmente á competencia matemática:

✓ **COMPETENCIA MATEMÁTICA:**

- Ser capaz de coñecer e valorar a presenza das informacións numéricas na vida cotiá, manexar os números nos seus diferentes contextos e empregarlos con distintas finalidades.
- Ser capaz de realizar cálculos e estimacións con números, identificando situacións en que sexan necesarios e expresando o proceso seguido.
- Ser capaz de utilizar instrumentos de medida, estimar medidas de magnitudes e expresar os resultados na unidade adecuada.
- Ser capaz de recoñecer a presenza de liñas, formas e corpos xeométricos na realidade, aplicar as súas características para describir situacións e utilizalas con distintos fins.
- Ser capaz de utilizar e elaborar estratexias de resolución de problemas, elixir a máis adecuada en cada caso e aplicala seguindo un proceso de resolución ordeado.
- Ser capaz de recoller datos e informacións do medio que o rodea, representar a información en distintas formas, interpretala e producir mensaxes con ela.
- Ser capaz de recoñecer a presenza e o papel das matemáticas no noso mundo, valorar a importancia da creatividade e o rigor ao utilizalas e confiar nas súas propias habilidades.

✓ **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:**

- Ser capaz de incorporar os termos matemáticos á linguaxe usual e o seu uso correcto.
- Ser capaz de incorporar os termos matemáticos na descripción verbal dos procesos e na comprensión dos textos que se lle ofrecen (en especial, os problemas).
- Ser capaz de falar, escribir, escoitar e explicar o proceso seguido no seu traballo matemático.

✓ **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO:**

- Ser capaz de comprender, describir e interactuar co medio físico que rodea ó neno/a.
- Ser capaz de traballar coas posicións no espazo, as figuras e corpos xeométricos, a simetría,... -Estar capacitados para empregar planos, mapas, rutas,...
- Ser capaz de comprender e interactuar coa realidade empregando contidos de números, operacións e medidas.
- Ser capaz de entender e producir información sobre o medio mediante o estudo de gráficos.

✓ **COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL:**

- Desenvolver destrezas coma a comparación de números, a aproximación, as distintas formas de expresar e de usar os números,... de distintas formas e por distintos medios.
- Ser capaz de recoller, interpretar e representar táboas de dobre entrada e distintos tipos de gráficos de uso común.

✓ **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ:**

- Adquirir valores como o rigor, o coidado e a perseverancia de forma asociada ó traballo matemático.
- Ser capaz de traballar en equipo e con consideración e reflexión sobre as opinións e puntos de vista dos outros.
- Aprender a resolver problemas dende un traballo cooperativo e en equipo.

✓ **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA:**

-Ser capaz de aplicar e entender os coñecementos matemáticos como parte fundamental do coñecemento da humanidade.

-Aplicar os contidos tratados en xeometría para comprender de xeito máis efectivo as manifestacións artísticas, e ser capaz de utilizalos para crear obras propias.

✓ **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER:**

-Entender que o desenvolvemento de nocións matemáticas firmes e o seu manexo son instrumentos que facilitan posteriores aprendizaxes.

-Ser capaz de adquirir actitudes de autonomía e esforzo dende o abordaxe de situacións complexas de maneira sistemática.

-Aprender a verbalizar os procesos seguidos de cara a que nos axude na reflexión sobre o aprendido e a consecución dunha aprendizaxe efectiva.

✓ **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL:**

-Ser capaz de desenvolver a autonomía e a iniciativa persoal a través dos contidos asociados á resolución de problemas fundamentalmente.

-Ser capaz de planificar, xestionar os recursos e valorar os resultados dentro do aprendizaxe matemático.

-Adquirir confianza nas propias capacidades a través da resolución de situacións abertas.

MATERIA	ÁREA DE LINGUA GALEGA
---------	------------------------------

✓ **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

1. Comprender textos e informacións, orais e escritas, pertencentes a distintos ámbitos: vida cotiá, medios de comunicación e vida académica, tanto na lingua propia como noutras.

2. Entender a lingua como instrumento de comunicación oral e escrita, que axuda a organizar o pensamento e a expresar ou interpretar ideas, emocións, vivencias e opinións.

3. Recoñecer o silencio como elemento imprescindible para a escoita atenta.

4. Expresarse, oralmente e por escrito, con coherencia, adecuación e corrección (ortográfica, léxica, sintáctica...).

5. Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado.

6. Manter unha actitude favorable cara á lectura, como fonte de enriquecemento e de información.

7. Recoñecer os valores comunicativos doutras linguaxes (plástica, musical...) e gozar coas actividades de carácter lúdico ou dedutivo.

✓ **EXPRESIÓN CULTURAL E ARTÍSTICA**

1. Coñecer o noso patrimonio cultural e artístico, tanto do pasado coma do presente.

2. Coñecer recursos expresivos básicos utilizados polos autores das obras literarias e non literarias.

3. Coñecer a diversidade cultural a través de diferentes manifestacións artísticas.

4. Recoñecer a dimensión cultural da ciencia e a achega das distintas culturas á evolución e ao progreso da humanidade.

5. Apreciar os valores estéticos das manifestacións literarias, artísticas e culturais.

6. Participar con respecto nas tradicións e manifestacións culturais propias.

7. Utilizar diversas técnicas, códigos e recursos na realización de creacións propias ou de grupo e gozar coa expresión artística.

8. Valorar a importancia das persoas que fixeron posible a evolución do pensamento científico e artístico, e apreciar a súa importancia como parte da cultura.

✓ *TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL*

1. Coñecer e interpretar diferentes tipos de información e fontes escritas, gráficas e audiovisuais.

2. Ser capaz de comprender linguaxes simbólicas e de representación.

3. Manexar información referida ao legado cultural, tanto propio coma doutros pobos, do pasado e do presente.

4. Buscar, seleccionar, organizar, analizar, relacionar, utilizar e transmitir información.

5. Compoñer textos mediante o uso de soportes electrónicos.

6. Mostrar interese polo uso das TIC como ferramenta de aprendizaxe e fonte de enriquecemento persoal.

✓ *SOCIAL E CIDADÁ*

1. Comprender a realidade social na que se vive e coñecer os valores e normas de conduta que nela rexen, para facer máis doada a convivencia.

2. Coñecer o funcionamento, a organización e os mecanismos de participación cidadá na sociedade actual, para asentar as bases dunha cidadanía solidaria, participativa e democrata.

3. Coñecer os cambios experimentados pola sociedade no tempo, para achegarse ás súas raíces históricas, á súa evolución, os seus logros e problemas.

4. Desenvolver actitudes de diálogo, uso das convencións sociais, tolerancia e resolución de conflitos, para asumir responsabilidades con respecto ao grupo e aceptar e elaborar normas de convivencia tanto en situacións persoais como do ámbito social no que se vive.

5. Traballar en grupo con interese e responsabilidade, asumindo as tarefas que lle correspondan e colaborando de maneira participativa para acadar os obxectivos comúns.

6. Exercitar unha cidadanía construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos nas declaracións internacionais, na Constitución Española e na lexislación autonómica.

✓ *APRENDER A APRENDER*

1. Saber mellorar a atención, a concentración e a memoria.

2. Dominar os contidos fundamentais da área.

3. Saber obter información e transformarlá en coñecemento propio.

4. Coñecer técnicas de estudo básicas.

5. Utilizar estratexias para observar, organizar, memorizar e recuperar información: resumos, esquemas, etc.

6. Aplicar en diversos contextos os coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade.

7. Participar no propio proceso de aprendizaxe de maneira activa.

8. Valorar a satisfacción do traballo realizado de forma persoal como consecuencia do rigor, a concentración e o esforzo.

✓ **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

1. Comprender a necesidade de aprender, de saber planificarse e de distribuír ben as tarefas á hora de abordar un traballo individual ou en grupo.
2. Identificar as emocións propias e ser capaz de recoñecer e comprender as dos demais.
3. Comprender as manifestacións artísticas como fonte de pracer e enriquecemento persoal.
4. Levar a cabo traballos individuais e en equipo.
5. Afrontar os problemas e perseverar ante as dificultades.
6. Afirmar e defender opinións de maneira razoada e respectar as dos demais.
7. Mostrar iniciativa propia e independencia en certos hábitos.

✓ **COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

1. Percibir o espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala como no contorno inmediato.
2. Coñecer o corpo humano, a natureza e a interacción das persoas con ela, para ser conscientes das consecuencias dos nosos actos tanto no medio como na protección da saúde.
3. Relacionar o espazo e o tempo no noso contorno, asociando a evolución histórica e científica aos cambios reflectidos na paisaxe natural e urbana.
4. Observar, describir e interpretar espazos e paisaxes reais ou representadas.
5. Identificar e formular problemas e preguntas; facer observacións, contrastar hipóteses e extraer conclusións dentro dun marco científico, valorando o coñecemento científico e a súa capacidade para mellorar a sociedade.
6. Avaliar o impacto físico e social das actividades humanas e implicarse no uso responsable dos recursos naturais, na conservación do medio e na protección da saúde individual e colectiva.

✓ **MATEMÁTICA**

1. Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos (números, medidas, símbolos...) para expresar con claridade e precisión datos e informacións.
2. Comprender e interpretar a información presentada de forma gráfica.
3. Mostrar interese por expresarse con propiedade no ámbito científico e matemático.
4. Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
5. Aplicar as técnicas dedutivas para resolver problemas e solucionar actividades.
6. Manexar e aplicar elementos, operacións matemáticas de resolución de problemas en diferentes situacións da vida real ou en circunstancias simuladas.

MATERIA	ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA
---------	-----------------------------------

Ao finalizar o segundo ciclo, dentro do ámbito da área inglesa, os alumnos deberán ser capaces de:

✓ **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinións de xeito sinxelo.
- Tomar conciencia da necesidade de respectar as normas ortográficas na produción de textos escritos.

- Utilizar un vocabulario suficientemente amplo para expresarse oralmente e por escrito con propiedade e precisión en situacións concretas.
- Compor textos propios do ámbito académico, adecuados ao propósito comunicativo.
- Escribir textos para expresar ideas, sentimentos e experiencias.
- Tratamento da información e competencia dixital

✓ COMPETENCIA MATEMÁTICA

- Utilizar de forma apropiada a linguaxe matemática naquelas actividades que o requiran.
- Realizar clasificacións cando o texto así o requira.
- Utilizar nocións espaciais e temporais con propiedade tanto na expresión oral como na escrita.
- expresar relación de cantidade, orden, ubicación na expresión oral e na escrita.
- Ordenar alfabéticamente.
- Relacionar adxectivo, color, nome de forma secuenciada.
- Empregar razoamentos e elementos matemáticos espontaneamente para interpretar e producir información (crucigramas, sopas de letras, enumeracións, elementos dun texto...)

✓ COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

- Relacionar o traballado na aula co mundo que nos rodea diariamente.
- Relacionar o inglés coa súa propia realidade a través do coñecemento do vocabulario de diferentes obxectos, contribuíndo así a un mellor coñecemento de diversas actividades nos países de fala inglesa e outras zonas do mundo.
- Aprender a identificar a LE no mundo que os rodea.
- Ser quen de aplicar diferentes recursos do día a día para aplicarlos á comunicación na nova lingua
- Interactuar co espacio físico e entender a propia realidade e o que lle rodea ao alumno na nova lingua.
- Comprender a realidade ambiental, de saúde, de tolerancia na nova lingua.

✓ SOCIAL E CIDADÁ

- Practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersoal e de resolución de conflitos.
- Coñecer os valores que caracterizan unha sociedade democrática: liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.
- Valorar a pluralidade lingüística como unha riqueza cultural.

✓ CULTURAL E ARTÍSTICA

- Apreciar a diversidade cultural a partir de diferentes manifestacións artísticas.
- Esforzarse por presentar os traballos con esmero e limpeza.

✓ APRENDER A APRENDER

- Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual (orden no traballo, interese pola elaboración ben feita, búsqueda de información previamente traballada...)

✓ AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- Actuar con iniciativa e creatividade persoal.
- Desenvolver as habilidades sociais.

MATERIA	ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA
---------	---------------------------------

A área de Educación física contribúe esencialmente ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, mediante a percepción e interacción apropiada do propio corpo, en movemento ou en repouso, nun espazo determinado mellorando as súas posibilidades motrices.

Contribúese tamén mediante o coñecemento, a práctica e a valoración da actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde.

Esta área é clave para que nenos e nenas adquiran hábitos saudables e de mellora e mantemento da condición física que lles acompañen durante a escolaridade e o que é máis importante, ao longo da vida.

Na sociedade actual que progresa cara á optimización do esforzo intelectual e físico, faise imprescindible a práctica da actividade física, pero sobre todo a súa aprendizaxe e valoración como medio de equilibrio psicofísico, como factor de prevención de riscos derivados do sedentarismo e, tamén, como alternativa de ocupación do tempo de lecer, tanto para nenas como para nenos. Así mesmo a área contribúe de forma esencial ao desenvolvemento da competencia social e cidadá.

As características da Educación física, sobre todo as relativas ó contorno no que se desenvolve e á dinámica das clases, fana propicia para a educación de habilidades sociais, cando a intervención educativa incide neste aspecto. As actividades físicas e en especial as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación e a solidariedade.

A educación física axuda a aprender a convivir, fundamentalmente no que se refire á elaboración e aceptación de regras para o funcionamento colectivo, desde o respecto á autonomía persoal, a participación e a valoración da diversidade. As actividades dirixidas á adquisición das habilidades motrices requiren a capacidade de asumir as diferenzas así como as posibilidades e limitacións propias e alleas.

O cumprimento das normas que rexen os xogos colabora na aceptación de códigos de conduta para a convivencia.

As actividades físicas competitivas poden xerar conflitos nos que é necesaria a negociación, baseada no diálogo, como medio de resolución.

Finalmente, cabe destacar que se contribúe a coñecer a riqueza cultural, mediante a práctica de diferentes xogos e danzas, así como as causas históricas do papel de homes e mulleres nesas actividades.

Esta área contribúe á adquisición da competencia cultural e artística. Á expresión de ideas ou sentimentos de forma creativa contribúe mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento. Á apreciación e comprensión do feito cultural, e á valoración da súa diversidade, fai o mediante o recoñecemento e a apreciación das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, talles como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos. Noutro sentido, a área favorece un achegamento ao fenómeno deportivo como espectáculo mediante a análise e a reflexión crítica ante a violencia no deporte ou outras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

A Educación física colabora igualmente no desenvolvemento da competencia matemática.

Os números, a orde, a sucesión, as operacións básicas e formas xeométricas que aparecen na explicación dos xogos; as nocións topolóxicas básicas, a estruturación espacial e espazo-temporal, etc. están estreitamente vinculadas ao dominio matemático. A súa vivencia desde a

motricidad a través da área de Educación física pode ser aproveitada para desenvolver devandita competencia. A Educación física axuda á consecución da autonomía e iniciativa persoal na medida en que empra a ao alumnado a tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas que debe manifestar autosuperación, perseveranza e actitude positiva, Tamén o fai, se se lle dá protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual e colectiva das actividades físicas, deportivas e expresivas.

A área contribúe, en menor medida, á competencia de aprender a aprender mediante o coñecemento de si mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida da aprendizaxe motora desenvolvendo un repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motrices máis complexas. Iso permite o establecemento de metas alcanzables cuxa consecución xera autoconfianza. Ao mesmo tempo, os proxectos comúns en actividades físicas colectivas facilitan a adquisición de recursos de cooperación. Doutra banda, esta área colabora, desde idades temperás, á valoración crítica das mensaxes e estereotipos referidos ao corpo de mulleres e homes que, procedentes dos medios de información e comunicación, poidan danar a propia imaxe corporal.

Desde esta perspectiva contribúese en certa medida á competencia sobre o tratamento da información e a competencia dixital.

A Educación física axuda á adquisición da competencia en comunicación lingüística, posto que a afirmación da lateralidade xunto coa experimentación de nocións asociadas a relacións espazo-temporais desempeñan un papel moi importante na aprendizaxe da lectura e a escritura. A área tamén contribúe, como o resto das aprendizaxes, ao desenvolvemento de devandita competencia, ao ofrecer a posibilidade de realizar unha gran variedade de intercambios comunicativos, tendo en conta as normas que os rexen e empregando o vocabulario específico que a área achega, mostrando sensibilidade e coidado no uso dunha linguaxe non sexista nin discriminatorio.

3.- Obxectivos do ciclo por áreas.

MATERIA	ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO
---------	-------------------------------------

1º NIVEL

- Realizar observacións, de forma directa e indirecta, de animais do entorno máis inmediato, utilizando criterios alimentarios, reprodutivos e morfolóxicos para a súa clasificación.
- Describir as distintas partes das plantas clasificándoas segundo as súas características
- Utilizar fontes de información en soporte papel e as Tecnoloxías da Información e das Comunicacións.
- Recoñecer o globo terráqueo e os mapas como formas de representar o noso planeta valorando a importancia dos avances tecnolóxicos para o coñecemento do noso planeta.
- Analizar os movementos da Terra e as súas consecuencias mostrando interese pola observación e estudo do universo.

2º NIVEL

- Desenvolver hábitos de saúde relacionados coa nutrición, os órganos dos sentidos, a

hixiene, o coidado do corpo, destacando a importancia do deporte para o benestar persoal e social.

--Relacionar os órganos dos aparatos dixestivo, circulatorio, excretor e reprodutor do ser humano coa función que desempeñan.

-- Utilizar fontes de información en soporte papel e as Tecnoloxías da Información e das Comunicaci3ns.

--Diferenciar entre paisaxes naturais e transformados polo home, poñendo exemplos do concello de Valdoviño.

-- Localizar sobre un mapa físico as principais formas de relevo do noso concello e de Galicia.

-- Recoñecer algunhas características propias das cidades e das vilas expondo exemplos de tipos de localidades e de poboaci3n de Galicia, comparando coa localidade propia.

--Relacionar as propiedades dos materiais co uso ao que est3n destinados identificando os materiais que se poden reciclar.

--Asociar alg3ns tipos de servizos coas profesi3ns que ofrecen.

--Localizar e situar as provincias espa3olas e as Comunidades Aut3nomas nun mapa pol3tico describindo de xeito elemental as instituci3ns de Galicia.

--Apreciar as tradici3ns e os monumentos do medio pr3ximo, especialmente do concello de Valdoviño e de Galicia.

-- Empregar correctamente as noci3ns temporais para establecer relaci3ns entre alg3ns personaxes da historia co tempo que viviron valorando as achegas das diferentes culturas ao longo da historia, en especial as dos personaxes hist3ricos m3is relevantes da comarca.

MATERIA	ÁREA DE EDUCACI3N ARTÍSTICA
---------	------------------------------------

A.- EDUCACI3N MUSICAL.

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadan3a e respectar os dereitos humanos, as3 como o pluralismo propio dunha sociedade democr3tica.

b) Desenvolver h3bitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, as3 como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido cr3tico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e esp3rito emprendedor.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminaci3n de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeograf3a, a historia e a cultura, con especial atenci3n aos relacionados e vinculados con Galicia.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

B.- PLÁSTICA E VISUAL.

1º NIVEL

* Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

* Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.

* Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.

* Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

* Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.

* Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

* Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

* Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.

* Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

* Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

** Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.*

** Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.*

2º NIVEL

** Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.*

** Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.*

** Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.*

** Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilízalos con fins expresivos e comunicativos.*

** Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.*

** Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.*

** Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.*

** Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.*

** Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.*

** Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.*

** Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.*

** Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.*

** Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e desfrutando como público na observación e recreación das súas propias producións.*

** Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.*

MATERIA	ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
---------	--

1º NIVEL

-Ler e comprender.

-Coñecer as letras que conforman o alfabeto español.

-Comprender a estrutura do dicionario. Apreciar a súa utilidade. Iniciarse na búsqueda de palabras.

-Coñecer e utilizar os sinónimos e os antónimos.

-Recoñecer as palabras polisémicas.

-Identificar e formar palabras derivadas por sufixación e prefixación.

-Coñecer a formación e os valores dos diminutivos e dos aumentativos.

-Coñecer a formación das familias de palabras.

-Identificar e formar palabras compostas.

-Coñecer e entender a idea de campo semántico.

-Introducir conceptos gramaticais básicos: letras, palabras e sílabas. Nomes e o adxectivos. O xénero e o número. Os artigos e os indefinidos. Os posesivos e os demostrativos. Os pronomes persoais.

-Interiorizar a idea de verbo como marcador da acción e coñecer as conxugacións.

-Comprender a idea de tempo no verbo.

-Coñecer e distinguir as oracións enunciativas, as exclamativas e as interrogativas.

-Identificar o suxeito e o predicado como as partes básicas dunha oración.

-Escribir atendendo ás normas ortográficas sobre o punto e a maiúscula.

-Introducir as normas ortográficas do uso da coma e os dous puntos.

-Identificar a sílaba tónica dunha palabra e coñecer as normas de uso do guión.

-Coñecer e usar as normas de uso dos signos de interrogación e de admiración.

-Coñecer e aplicar as regras de uso das diferentes grafías: c-z, c-q, r forte, r suave e rr, g-gu, -d.-z....

-Facer presentacións e utilizar fórmulas de saúdo e de cortesía.

-Elaborar breves textos.

-Distinguir os textos literarios dos non literarios.

2º NIVEL

-Ler con fluidez e comprensión os diferentes textos propostos en todas as actividades do curso.

-Coñecer a estrutura do dicionario e manexalo con soltura.

-Recoñecer e utilizar sinónimos e antónimos.

-Recoñecer palabras polisémicas e diferenciar os seus significados

-Recoñecer as palabras homófonas e diferenciar o seu uso.

-Identificar e utilizar palabras compostas.

-Recoñecer, formar e analizar, palabras derivadas mediante sufixación e prefixación.

-Identificar e formar xentilicios.

-Recoñecer e diferenciar familias de palabras e campos semánticos.

-Recoñecer unha oración e identificar o suxeito e o predicado.

-Identificar os distintos tipos de oracións.

-Recoñecer os nomes, adxetivos e verbos.

-Recoñecer e utilizar correctamente os artigos, os indefinidos e os demostrativos.

-Identificar e utilizar correctamente os posesivos e os numerais.

-Identificar e utilizar correctamente os pronomes persoais.

-Identificar a persoa, número e tempo de formas verbais dadas.

-Conxugar verbos regulares en indicativo, seguindo os tres modelos de conxugación.

-Coñecer algúns adverbios de tempo e de lugar.

-Aplicar as normas que regulan o uso das maiúsculas e recoñecer abreviaturas.

-Comprender que é o acento gráfico e identificar e acentuar palabras agudas, graves e esdrúxulas.

-Identificar ditongos e hiatos.

-Aplicar o uso do v en determinados adxetivos.

-Utilizar correctamente palabras coas terminacións -illo, .illa.

-Escribir correctamente palabras rematadas en y, d e z.

-Escribir correctamente palabras con x .

-Coñecer o uso de b ou v nalgúns verbos frecuentes rematados en -ber ou -ver; -bir ou -vir.

-Elaborar e recoñecer textos de diferentes tipos e duracións.

-Realizar o resumo dun texto seguindo uns pasos dados.

-Ler e interpretar obras teatrais.

MATERIA	ÁREA DE MATEMÁTICAS
---------	---------------------

1º NIVEL

--Ler, escribir e descompoñer números naturais ata cinco cifras.

--Aplicar a suma, resta e multiplicación de números naturais ata cinco cifras para resolver situacións problemáticas no seu medio habitual e diferenciar claramente as tres operacións.

-- Dividir por números dunha soa cifra.

--Explicar o razoamento seguido nos procesos de resolución de problemas en que interveñen os números naturais.

--Desenvolver estratexias persoais de cálculo mental.

- Expresar os resultados de distintas medicións das magnitudes lonxitude, capacidade e masa nas unidades pertinentes e saber manexar diferentes aparellos de medida.
- Recoñecer as moedas e billetes de curso legal e as equivalencias entre unhas e outras, valorar a importancia dos cartos e do fomento do consumo responsable.
- Analizar os elementos das formas xeométricas planas
- Debuxar figuras xeométricas planas.
- Interpretar a información recollida en táboas de dobre entrada
- Recoñecer e manexar as medidas de tempo: horas, minutos e segundos.
- Coñecer e manexar a regra, escuadro e cartabón.

2º NIVEL

- Ler, escribir e descompoñer números naturais ata seis cifras.
- Aplicar a suma, resta, multiplicación e división de números naturais ata seis cifras para resolver situacións problemáticas no seu medio habitual e diferenciar claramente as catro operacións.
- Dividir por números de dúas cifras
- Explicar o razoamento seguido nos procesos de resolución de problemas en que interveñen os números naturais, as fraccións e os números decimais.
- Desenvolver estratexias persoais de cálculo mental
- Expresar os resultados de distintas medicións das magnitudes lonxitude, capacidade e masa nas unidades pertinentes, manexar diferentes aparellos de medida e coñecer a equivalencia entre distintas unidades dunha escala métrica.
- Recoñecer as moedas e billetes de curso legal e as equivalencias entre unhas e outras, valorar a importancia dos cartos e do fomento do consumo responsable.
- Analizar os elementos das formas e corpos xeométricos (polígonos, círculos, cubos, prismas, pirámides, cilindros e esferas)
- Construír figuras e corpos xeométricos (poliédricos e redondos)
- Describir de forma oral e escrita os elementos significativos de gráficos sinxelos
- Recoñecer e manexar as medidas de tempo: horas, minutos e segundos.
- Coñecer e manexar a regra, escuadro, cartabón, transportador e compás.

MATERIA	ÁREA DE LINGUA GALEGA
---------	------------------------------

1º NIVEL.

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2º NIVEL

- Participar en situacións de comunicación formais e informais
- Expresar con detalle oralmente e por escrito desexos, sentimentos, experiencias e opinións propias e alleas, de forma clara e ordenada, e cun vocabulario apropiado e respectando as normas básicas de coherencia, cohesión e corrección textuais.
- Producir textos orais e escritos de carácter narrativo, descritivo, informativo e expositivo
- Ler textos literarios e non literarios sinxelos comprendendo o seu significado, valorando a súa expresividade e o seu sentido global, con fluidez e entoación.
- Recitar e representar textos literarios poéticos, dramáticos e narrativos
- Reflexionar sobre a lingua, as súas formas, unidades e estruturas; as regularidades sintácticas, morfolóxicas, semánticas e ortográficas; as posibilidades expresivas e estéticas desta.
- Comprender a necesidade de aprendizaxe e aplicación das normas ortográficas, de coherencia e cohesión textuais nas propias producións escritas.
- Empregar estratexias de comprensión de textos coma o subliñado de ideas principais,...
- Experimentar o pracer da lectura de textos literarios.

MATERIA	ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA
---------	-----------------------------------

- Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinións de xeito sinxelo.
- Comprender distintos tipos de textos propios do ámbito académico recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse, para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais semellantes e diferentes á identidade galega (simbología, música, festas e xogos tradicionais,..).
- Amosar comprensión mediante respostas non verbais (xestos, movemento, actividades artísticas,..) a instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula e no centro.
- Captar a información máis relevante e identificar información específica en mensaxes diversas, que inclúan textos orais, sobre temas familiares e de interese para os nenos e as nenas.
- Participar comprensivamente en situacións de comunicación (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas do intercambio e empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.
- Memorizar e producir textos orais coñecidos previamente e de interese para os nenos e as nenas mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións dirixidas,..
- Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística de nenos e nenas en soporte papel e dixital.
- Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos e motivadores de forma significativa.
- Respectar as diferenzas de todo tipo adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.
- Familiarizarse con estratexias que favorezan a creatividade para producir mensaxes próximas, a partir dun contexto concreto utilizando as tecnoloxías da comunicación e a información, a educación artística,..
- Afianzar a súa confianza en si mesmos, e aceptar os erros como parte da propia aprendizaxe.

MATERIA	ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA
---------	----------------------------------

1º NIVEL

- Coñecer o relato bíblico da creación e admirar a súa beleza.*
- Amosar respecto pola natureza e polas persoas que a miran.
 - Coñece-la estrutura da Biblia e distingui-las súas partes.
 - Coñece-lo significado do Advento e como o viven os cristiáns.
 - Valora-lo seu crecemento persoal dentro da familia.
 - Coñecer e valora-las accións dos cristiáns que se comprometen coa sociedade realizando labores de voluntariado.
 - Suscita-la preocupación por respectar ós demais e rechazar todo tipo de violencia.
 - Recoñece-la vida de Xesús como vida de entrega e servizo ós demais.
 - Empezar a coñecer e a comprende-lo que significa pertencer á Igrexa.
 - Coñecer algúns dos rasgos máis significativos da vida dos primeiros cristiáns.

2º NIVEL

- Coñecer a estrutura da Biblia, os libros que a forman e o contido do A. Testamento e do N. Testamento.
- Localizar citas dos Evanxeos.
- Coñecer e enumerar os Dez Mandamentos.
- Coñecer os símbolos dos Tempos Litúrxicos do Advento e Nadal.
- Valorar a figura de María e coñecer as distintas advocacións da Virxe.
- Coñecer e aceptar o perdón otorgado por Deus a través de Xesús.
- Recoñecer a mensaxe de Xesús sobre o Mandamento do Amor como o máis importante.
- Relacionar os días de Semana Santa co seu motivo relixioso.
- Identificar os sacramentos como signos de Salvación de Deus.

MATERIA	ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA
---------	---------------------------------

- Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.
- Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do Corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
- Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.
- Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de autoesixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.
- Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.
- Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
- Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.
- Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.
- Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

4.- Contidos.

MATERIA	ÁREA DE COÑECIMENTO
---------	----------------------------

Bloque 1 : O seres humanos e a saúde

- Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.
- Identificación das partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o

funcionamento do Corpo humano.

- *Valoración da importancia dos sentidos*
- *Valoración dos hábitos de hixiene persoal, de descanso, de alimentación equilibrada e de exercicio físico adecuado para unha vida saudable.*
- *A pirámide de alimentación.*

Bloque 2 : As plantas e os animais

- *Identificación de animais e de plantas como seres vivos.*
- *Identificación de cambios observables que se producen nos seres vivos e na natureza ao longo do ano.*
- *Recoñecemento das principais características dos animais vertebrados e dalgúns invertebrados.*
- *Recoñecemento das características das plantas. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores)*
- *Valoración da importancia da existencia de animais e plantas para as persoas:*
- *Interese pola observación e o estudo dos seres vivos no propio entorno.*
- *Interese e compromiso pola conservación e coidado de plantas e animais do contorno*

Bloque 3 : A vida en sociedade.

- *Identificación da organización do concello e da comunidade .*
- *Identificación das manifestacións culturais do contorno*
- *Participación activa en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.*
- *Observación, identificación e descrición dalgúns características demográficas e económicas do contorno propio.*
- *Identificación das formas da actividade económica do contorno próximo (traballo, profesións, produción):*
- *Desenvolvemento de actitudes de consumo responsable e comercio xusto.*
- *Recoñecemento dos referentes colectivos que manteñen a identidade da propia aldea, parroquia, vila, barrio, cidade, ..*
- *Localización da propia aldea, concello, cidade e doutras agrupacións de poboación nun mapa da provincia, de Galicia, de España, etc., ou noutros medios (SIGPAC, Google Earth...).*
- *Identificación dos servizos públicos do concello, vila, localidade...*
- *Utilización de diversas fontes de información (libros, documentos, información oral, medios de comunicación, TIC)*
- *Identificación da organización territorial de Galicia e do Estado español .*

Bloque 4: O medio físico : espazos e materiais

Utilización de técnicas de orientación no espazo relacionadas cos puntos cardinais.

- *Recoñecemento e uso de aspectos básicos (cromatografía, signos convencionais, lendas)*
- *Iniciación ao uso de planos e mapas da aldea, vila, localidade, cidade.*
- *Identificación dalgúns elementos xeográficos e do relevo do contorno (montañas, ríos, rías, lagoas).*
- *Observación e descrición de diferentes tipos de paisaxe sobre todo no propio contorno.*

- *Valoración da necesidade da conservación do patrimonio .*
- *Observación dalgunhas variables meteorolóxicas: temperatura, vento, precipitacións. Uso de aparellos meteorolóxicos (termómetro,...)*
- *Realización guiada de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico próximo*
- *Recoñecemento dos movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias (as estacións).*
- *Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa vida.*
- *Observación da intervención da enerxía nos cambios da vida*
- *Reflexión sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación do medio natural.*

Bloque 5: O paso do tempo

Utilización de unidades de medida temporal (década, século)

- *Utilización de documentos escritos, dixitais e audiovisuais para obter información histórica.*
- *Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegadas antigas no contorno (tradicións, edificios, obxectos, manifestacións artísticas).*
- *Aproximación a sociedades dalgunhas épocas históricas dende os primeiros seres humanos ata a actualidade.*
- *Identificación do papel de homes e mulleres na historia*
- *Realización de cronogramas para a clasificación de etapas importantes.*
- *Utilización da información oral, da prensa e da internet para investigar feitos importantes .*
- *Sensibilidade cara á conservación dos restos artístico-culturais presentes no propio contorno*

Bloque 6: Máquinas, aparellos e tecnoloxías

Realización de gráficos que relacionen oficios e profesións .

- *Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas*
- *Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas*
- *Valoración da influencia da tecnoloxía nas condicións de vida e no traballo.*
- *Relevancia dos inventos de mulleres e homes*
- *Apreciación da importancia das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico e non doméstico, superando estereotipos sexistas.*
- *Recoñecemento dos riscos que poden xerar diferentes aparellos e ferramentas*
- *Interese por coidar a presentación dos traballos.*
- *Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo.*

MATERIA	ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA
---------	------------------------------------

A.- EDUCACIÓN MUSICAL.

Bloque 1 : escoita.

- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
- Asistencia a algunha representación musical.
- Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.
 - Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.
- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- Acento e pulso.
- Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.
- Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).
- Compases binarios e ternarios.
- Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.

Bloque 2: Interpretación Musical.

- Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.
- Frauta doce: dicitación da escala de DO sen alteracións.
- Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.
- Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.
- Dobre barra e DC.
- Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.
- Ditados melódicos sinxelos.
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.
- Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
- Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Construción dun instrumento.

Bloque 3: Música, movemento e danza.

- Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.
- Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.
- Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.
- Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

B.- EDUCACIÓN PLÁSTICA

Bloque 4. Observación plástica.

- * Clasificación de texturas e de tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais

exploradas sensorialmente e desde diferentes ángulos e posicións.

** Elaboración conxunta de protocolos e de pautas para seguir o procedemento de observación e a súa comunicación oral ou escrita, incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada.*

** Identificación de elementos artísticos, de obras de arte ou de certos aspectos relativos a algunhas delas previamente traballadas na clase na vida cotiá.*

** Identificación da variedade de materiais, de técnicas e de tecnoloxías sinxelas que se utilizan na creación de obxectos e de imaxes mediante a observación de producións do contorno artístico e cultural e dos medios de comunicación.*

** Valoración e identificación dalgúñas producións artísticas que forman parte do patrimonio cultural galego (xoguetes, disfraces, olaría, cestaría, encaixes, bordados, petróglifos, xoiaría, alfombras florais, maios, máscaras de Entroido, edificacións...).*

** Respecto e coidado do contorno, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producións propias e das das demais persoas.*

** Interese por buscar información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración de traballos diversos (exposicións, cartafoles individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...).*

** Interese por dialogar ante unha obra de arte, expresando o que gusta e o que non gusta, así como as emocións que a obra esperta en cadaquén, intentando asociar aspectos da obra coas sensacións producidas (significado das cores, das liñas, das formas, da representación do espazo...).*

** Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa.*

** Análise de imaxes en diferentes formatos identificando elementos variados (enfoque, simetría, repetición, distribución espacial, plano, xestos...).*

** Apreciación da incidencia da cultura visual do contorno nas reaccións, nas preferencias e na forma de pensar.*

** Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas, reflexionando sobre o proceso de transformación.*

** Fomento da fantasía a través da visualización do que podería ser unha representación imprecisa (unha mancha, unha engurra, unha luz, un xogo de liñas...).*

** Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo e aproximación á idea de proporción.*

** Exploración de diferentes formas, texturas e obxectos utilizando o tacto, o gusto, o oído e o olfacto, e representación plástica das sensacións que producen.*

** Valoración do traballo desenvolvido por mulleres e por homes na produción artística e artesanal.*

** Recoñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración deles (máscaras africanas, sombras chinesas...).*

Bloque 5. Expresión e creación plástica.

** Busca das posibilidades da cor (tonalidades, gamas...) en contrastes, variacións e combinacións, mesturando diversas clases de pintura, utilizando variados instrumentos e apreciando os resultados sobre diferentes soportes.*

** Experimentación das posibilidades de transformación dos materiais plásticos no referente á ductilidade, á transparencia, á consistencia, á solubilidade... Comportamento dalgúns*

materiais en contacto con outros. Aproveitamento destas experiencias nas producións plásticas.

* Experimentación con liñas diversas e formas en diferentes posicións iniciándose no emprego de instrumentos convencionais e non convencionais para deseñalas.

* Elaboración individual e colectiva de imaxes en bandas de deseño, historietas, carteis, murais, mosaicos, tapices e impresións, cunha planificación previa e unha revisión posterior.

* Construción de móbiles, de estruturas, de maquetas e de xoguetes populares galegos.

* Construción de decorados, de máscaras, de vestiario e de personaxes (monicreques, sombras...) e elaboración de maquillaxes para dramatizacións.

* Utilización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un texto expositivo, para a realización dun álbum ou dunha fotonovela.

* Utilización de diferentes recursos (dos medios de comunicación, informáticos, libros, láminas, teas, materiais de refugallo e naturais...) á súa disposición para a elaboración individual e colectiva de producións artísticas.

* Aplicación, en producións propias, de aspectos observados en obras artísticas galegas e de artistas de renome.

* Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencións previstas, planificando, seleccionando apropiadamente os materiais e instrumentos segundo as súas posibilidades plásticas, decidindo a técnica máis adecuada, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, asumindo as tarefas, respectando as normas que o grupo establece e valorando o resultado final.

* Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e de ideas.

* Recreación de obras de arte significativas da cultura galega e doutras culturas, reflexionando sobre o proceso seguido pola persoa que o realizou.

* Seguridade no uso progresivo de materiais e de obxectos do contorno para expresar e comunicar aspectos do propio mundo: da vida cotiá, da historia da poboación ou do barrio, da historia persoal e familiar.

MATERIA	ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
---------	--

Bloque I : Escotar e falar

-Participación axeitada en assembleas, debates, conversas,...

-Comprensión e valoración de textos que proveñen da radio, tv, internet, do cole,...

-Utilización das conversas cotiás para mellorar a expresión e ampliar vocabulario.

-Participación no proxecto de TV educativa coa finalidade, entre outras cousas, de mellorar a fluidez verbal.

-Produción de diferentes textos orais para expor na clase, noutras clases, nos festivais,...

-Memorización de textos curtos.

-O teatro.

-Os textos literarios.

-Os diferentes tipos de entoación.

Bloque II: Ler e escribir.

-O alfabeto.

- Comprensión de diferentes textos informativos empezando polos que hay no cole: carteis, muráis, circulares informativas,..segundo polos que saen nos medios de comunicación: xornais, revistas, folletos publicitarios, ..., e rematando por todos aqueles que podan aparecer nos libros que manexemos.
- Producción de diferentes tipos de textos dirixidos a: familia, compañeiros, mestres, nenos e nenas doutros coles,..
- Utilización da aula virtual e da televisión educativa para a creación e difusión de diferentes tipos de textos.
- Lectura persoal silenciosa e en voz alta.
- Uso do diccionario.
- Interese polo coidado e a presentación de textos escritos.
- Interese pola atención ás normas ortográficas.

Bloque III: Reflexionar sobre a lingua.

- Coñecemento das normas ortográficas.
- Uso e identificación da seguinte terminoloxía: silaba, átona e tónica, tipos de palabras, sustantivos, adxectivos e verbos, determinantes: posesivos, numerais, indefinidos,..
- adverbios, de tempo e lugar.
- Identificación en oración de suxeito e predicado.
- Uso de estratexias que favorezan a comprensión lectora.
- Identificación das relacións entre os elementos do contexto e as formas lingüísticas en que se manifestan os discursos orais e escritos.
- Identificación en situacións comunicativas de participantes, lugares, xeitos de proceder, para reflexionar sobre as diferentes variables que inciden na comunicación.

MATERIA	ÁREA DE MATEMÁTICAS
---------	----------------------------

Bloque 1 : Espazos e formas.

- Sistema de numeración decimal. Valor de posición das cifras. O seu uso en situacións reais.
- Orde e relación entre os números. Notación.
- Números fraccionarios para expresar particións e relacións en contextos reais.
- Comparación entre fraccións sinxelas: mediante ordenación e representación gráfica.
- Utilización en situacións familiares da multiplicación como suma abreviada, en disposicións rectangulares e problemas combinatorios.
- Utilización en contextos reais da división para repartir e para agrupar.
- Interese para a utilización dos números e do cálculo numérico para resolver problemas en situacións reais
- Descomposición aditiva e multiplicativa dos números.
- Construción e memorización das táboas de multiplicar.
- Utilización dos algoritmos estándar, en contextos de resolución de problemas, de suma, resta, multiplicación e división por unha cifra.
- Utilización de estratexias persoais de cálculo mental.
- Estimación do resultado dunha operación entre dous números.

Bloque 2 : Cantidades.

- Realización de medicións usando instrumentos e unidades de medida convencionais en contextos cotiáns.
- Unidades de medida convencionais.
- Comparación e ordenación de unidades e cantidades dunha mesma magnitude.
- Unidades de medida do tempo: lectura no reloxo analóxico e no dixital.
- Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas.
- As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.
- Identificación de figuras planas e espaciais na vida cotiá.
- Clasificación de polígonos. Lados e vértices.
- A circunferencia e o círculo.
- Os corpos xeométricos: cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros. Arestas e caras.
- Descrición da forma de obxectos utilizando o vocabulario geométrico básico.
- Comparación e clasificación de figuras e corpos geométricos utilizando diversos criterios.
- Coñecemento, comparación e clasificación de ángulos.
- Transformacións métricas: translacións e simetrías.

Bloque 3: Tratamento da información e azar.

- Táboas de datos. Iniciación ao uso de estratexias eficaces de reconto de datos.
- Recollida e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisa, observación e medición.
- Lectura e interpretación de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá.
- Valoración dos resultados de experiencias nas que intervén o azar, para apreciar que hai sucesos máis ou menos probables e a imposibilidade de predicir un resultado concreto.
- Introducción á linguaxe do azar.

MATERIA	ÁREA DE LINGUA GALEGA
---------	------------------------------

1º NIVEL (3º E.P.)

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas.
- Comprensión e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación, especialmente as noticias, para aprender, informarse sendo quen de chegar á elaboración dun breve resumo.
- Uso de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter informacións relevantes para aprender.
- Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e informarse, producidos con finalidade didáctica, de uso cotiá, de carácter informal...
- Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias..
- Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social coa axuda de modelos sinxelos.

- *Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.*
- *Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).*
- *Actitude de cooperación e respecto en situación de aprendizaxe compartida.*
- *Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua en diferentes ámbitos profesionais e en conversas con persoas coñecidas e descoñecidas.*
- *Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).*
- *Valoración e aprecio do texto literario oral galego como fonte de coñecemento da propia cultura e como recurso de disfrute persoal.*
- *Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.*
- *Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.*
- *Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.*

Bloque 2 e 3. Comunicación escrita: ler e escribir.

- *Comprensión de información relevante en textos escritos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotiá.*
- *Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información, identificando e interpretando os datos que transmiten mediante sinxelos gráficos e ilustracións.*
- *Comprensión de información xeral en textos sinxelos de medios de comunicación social, con especial incidencia nas noticias e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos...*
- *Subliñado e resumo de información relevante dun texto adecuado ao seu nivel.*
- *Iniciación ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, relectura...)*
- *Uso dirixido das TIC's e das bibliotecas para obter información e modelos para a lectura.*
- *Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións..)*
- *Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social.*
- *Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación e de lecer.*
- *Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...*
- *Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.*
- *Utilización de elementos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).*
- *Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en galego adaptadas ao alumnado.*
- *Introdución ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)*
- *Valoración da escritura como instrumento de relación social*

- *Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.*
- *Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.*
- *Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, avisos, mensaxes curtas...)*
- *Composición de textos de información sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, facendo fincapé nas noticias.*
- *Produción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (cuestionarios, resumos, descrições...)*
- *Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios...*
- *Uso informático de programas informáticos de procesamento de textos.*
- *Utilización de elementos gráficos e paratextuais sinxelos para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos...)*
- *Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.*
- *Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención, de reelaboración da información e dos coñecementos e de expresión creativa.*
- *Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).*
- *Uso da biblioteca do centro respectando as normas de funcionamento e valorándoa como fonte de información e de ocio e participación en actividades literarias.*

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

- *Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.*
- *Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.*
- *Coñecemento e uso das regras ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.*
- *Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación ...*
- *Uso da terminoloxía seguinte: enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).*
- *Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos e palabras polisémicas básicas en relación coa comprensión e coa produción de textos.*
- *Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.*
- *Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.*
- *Identificación intuitiva de suxeito e de predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).*
- *Uso do dicionario, en papel ou electrónico, de forma guiada.*
- *Valoración da lingua galega dentro da realidade do estado español.*

- *Comparación entre aspectos das linguas que está a coñecer para mellorar os procesos comunicativos, recoñecer as interferencias e lograr unha competencia comunicativa.*

Bloque 5. Educación literaria.

- *Escoita, memorización e reprodución de textos da literatura galega popular e actual.*
- *Valoración e aprecio do texto literario galego como fonte de coñecemento da nosa cultura e como gozo persoal.*
- *Lectura persoal silenciosa ou en voz alta de obras galegas axeitadas aos intereses do alumnado.*
- *Lectura guiada e expresiva de textos narrativos ou poemas de literatura infantil, adaptacións de clásicos ou literatura actual en diversos soportes.*
- *Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, lembranzas...recoñecendo as características dalgúns modelos.*
- *Dramatización ou lectura dramatizada de textos literarios.*
- *Valoración da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.*
- *Interese de coñecer os modelos narrativos e poéticos doutras culturas.*
- *Comparación de imaxes, símbolos e mitos que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.*

2º NIVEL.

Bloque 1. escoitar e falar.

- **Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións)**
- **Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse.**
- **Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias..**
- **Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).**
- **Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).**
- **Valoración e aprecio do texto literario oral galego como fonte de coñecemento da propia cultura e como recurso de disfrute persoal.**
- **Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.**
- **Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.**
- **Uso dunha linguaxe non discriminatoria.**

Bloque 2. Ler e escribir.

- **Comprensión de información relevante en textos escritos para aprender e para informarse**
- **Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes**
- **Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións..**
- **Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social**

- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)
- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en galego.
- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil galega
- Recreación e composición de poemas e de relatos
- Valoración da escritura como instrumento de relación social
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.
- Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).
- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.

Bloque 3 : Reflexionar sobre a lingua.

- Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.
- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación ...
- Uso da terminoloxía seguinte:, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).
- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en relación coa comprensión e coa produción de textos.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación intuitiva de suxeito e de predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).

MATERIA	ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA
---------	-----------------------------------

- *Verbo “to have got” (afirmativa, negativa, interrogativa)*
- *Verbo “To be” (afirmativa, interrogativa, negativa)*
- *Presente continuo (afirmativa, negativa, interrogativa)*
- *There is/there are (afirmativa, negativa, interrogativa)*
- *Prepositions of location.*

- *Presente simple (afirmativa, negativa, interrogativa) (verbo “like)*
- *Tempo no reloxo*

Vocabulario:

Días da semana, números ata o 100, partes do corpo, características físicas, roupa, membros da familia, rutinas, comida, lugares do entorno, preposicións de lugar, actividades de tempo libre, vacacións...

MATERIA	ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA
---------	---------------------------------

Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción

- *Interiorización do esquema corporal e utilización dos elementos orgánico-funcionais no movemento.*
- *Conciencia e control do corpo en relación coa tensión, coa relaxación global e segmentaria e coa respiración.*
- *Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices.*
- *Consolidación da lateralidade e da súa proxección no espazo.*
- *Práctica de equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións coñecidas.*
- *Estruturación espacial e temporal en diversas situacións.*
- *Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da do resto das persoas.*
- *Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades.*

Bloque 2. Habilidades motrices.

- *Práctica das habilidades motrices básicas: desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos/recepcións.*
- *Uso eficaz das habilidades e das destrezas en situacións motrices coñecidas e tarefas lúdicomotrices.*
- *Control motor e dominio corporal, adaptándose a medios diversos: natural, acuático...*
- *Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución motriz.*
- *Execución de movementos coordinados desde un punto de vista motor.*
- *Reflexión sobre a competencia motriz do alumnado e interese por melloralas.*
- *Disposición favorable a participar en actividades diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.*

Bloque 3: Actividades físicas artístico-expresivas.

- *Utilización do corpo e do movemento como instrumentos de expresión e de comunicación.*
- *Representación de obxectos e de personaxes reais e ficticios en diferentes situacións.*
- *Expresión de ideas, de emocións e de sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.*
- *Utilización de obxectos e de materiais para a dramatización e para a comunicación.*
- *Adecuación do movemento a ritmos diversos e a estruturas espazo-temporais.*
- *Execución de danzas, de bailes e de coreografías simples.*
- *Participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal, valorando as diferenzas no xeito de expresarse.*
- *Gozo mediante a expresión e a comunicación a través do propio corpo. ceptando as diferentas individuais en canto á habilidade para executalas.*

Bloque 4: Actividade física e saúde

- Consolidación dos hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais correctos na práctica física.
- Interiorización de hábitos alimentarios saudables relacionados coa actividade física.
- Recoñecemento dos beneficios da actividade física en relación coa saúde e co benestar.
- Práctica de actividades que melloren de xeito xenérico a condición física orientada á saúde.
- Adquisición de hábitos que proporcionen seguridade na práctica da actividade física.
- Uso correcto dos materiais e dos espazos, adoptando medidas básicas de seguridade e prevención durante a práctica da actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

Bloque 5. Xogos e deportes.

- Apreciación do xogo e do deporte como elementos da realidade social.
- Comprensión, aceptación e cumprimento das regras e das normas de xogo e actitude responsable con relación ás estratexias acordadas.
- Participación e práctica de xogos diversos e de actividades de iniciación predeportiva.
- Busca de información sobre xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e práctica destes.
- Experimentación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, coa oposición e coa cooperación/oposición.
- Respetto cara ás persoas participantes no xogo, valorando o esforzo e rexeitando os comportamentos antisociais.
- Valoración do xogo e das actividades deportivas como medio de gozo, de relación e de emprego do tempo de lecer.

5.- Temporalización.

MATERIA	ÁREA DE COÑECEMENTO
---------	---------------------

1º NIVEL

1º avaliación: animais.

2º avaliación: plantas.

3º avaliación: universo, planetas e terra.

2º NIVEL

1º avaliación: corpo humano.

2º avaliación: territorio.

3º avaliación: historia

Todos os contidos serán abordados a través de proxectos ou tarefas complexas que contribuirán o desenvolvemento das competencias básicas, tendo sempre en conta os intereses e motivación do noso alumnado.

1º NIVEL**1ª avaliación:**

UNIDADE 1: Letras, sílabas e palabras. Uso do dicionario

UNIDADE 2: A oración. Tipos de oracións.

UNIDADE 3: Sinónimos e antónimos. Os sustantivos

UNIDADE 4: Palabras polisémicas. O adxectivo. Normas ortográficas I

UNIDADE 5: Uso da coma. Xénero e número. Comprensión e elaboración textos.

2ª avaliación:

UNIDADE 6: Normas ortográficas II. Determinantes I

UNIDADE 7: Normas ortográficas III. Determinantes II. A descripción.

UNIDADE 8: Os pronomes. Normas ortográficas III

UNIDADE 9: O verbo. Textos literarios I

3ª avaliación:

UNIDADE 10: O Verbo II. Textos Literarios II

UNIDADE 11: Suxeito e predicado. Textos literarios III

UNIDADE 12: Clases de oracións. Os textos informativos.

2º NIVEL**1ª avaliación:**

UNIDADE 1: A sílaba. A comunicación oral e escrita.

UNIDADE 2: A palabra. Sinónimos e antónimos. Construír oracións I.

UNIDADE 3: Tipos de oracións. Construír oracións II

UNIDADE 4: Os nomes. A descripción.

UNIDADE 5: Ortografía I. O adxectivo.

2ª avaliación:

- *Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.*
- *Usa de maneira guiada, programas informáticos de procesamento de texto.*
- *Usa recursos gráficos e paratextuais sinxelos (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos.*
- *Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.*
- *Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...*
- *Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.*
- *Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas.*
- *Identifica as formas verbais.*
- *Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.*
- *Identifica nun texto substantivos e adxectivos*
- *Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.*
- *Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cingirse a elas.*
- *Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.*
- *Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.*
- *Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.*
- *Respecta, de forma xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.*
- *Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición e causa.*
- *Usa o dicionario en papel ou dixital de forma guiada.*
- *Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.*
- *Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.*
- *Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.*
- *Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e*

léxicas moi evidentes e básicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.

- *Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.*
- *Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.*
- *Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.*
- *Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.*
- *É quen de identificar o xénero literario a que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.*
- *Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.*
- *Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios.*
- *Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.*
- *Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.*

2º NIVEL.

Le e comprende de textos narrativos, informativos e poéticos.

Exposición oral correcta: narración, descrición.

Actitude correcta no diálogo.

Redacción de textos propios con claridade e corrección.

Uso correcto da maiúscula e o punto .

Uso correcto da coma nas enumeracións.

Ortografía correcta de "mp", "mb", "r e rr", "c e z", "c e q", "nh" "g, gu e diérese".

Uso correcto dos signos de interrogación e exclamación.

A orde alfabética.

Atopa palabras no dicionario.

A sílaba. Clasificación de palabras.

Recoñece os substantivos, os adxectivos e os artigos. Xénero e número.

Recoñece os verbos. Tempos presente, pasado e futuro.

Recoñece e utiliza léxico relacionado cos campos semánticos tratados no curso.

- *Sabe como se organiza un dicionario e buscar nel palabras dadas.*
- *Recoñece algunhas palabras polisémicas.*
- *Recoñece sinónimos e antónimos de palabras dadas.*
- *Forma palabras compostas.*
- *Forma palabras derivadas.*
- *Identifica e formar familias léxicas.*
- *Identifica e formar campos semánticos.*
- *Utiliza correctamente as maiúsculas.*
- *Identifica a sílaba tónica das palabras.*

- *Escribe correctamente palabras con x.*
- *Identifica os nomes e clasificalos.*
- *Cambia o xénero e o número dos nomes.*
- *Utilizar con corrección os adxectivos e facer a concordancia oportuna.*
- *Utilizar correctamente os artigos.*
- *Identifica os verbos.*

MATERIA	ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA
---------	-----------------------------------

- ❖ *Vocabulario básico de cada tema.*
- ❖ *Estruturas do verbo "to have got"*
- ❖ *Estruturas do verbo "to Be"*
- ❖ *Formas de presente das accións diarias (sen a 3º persona de singular)*
- ❖ *What's the time?*
- ❖ *Horas: en punto, e media, e cuarto, menos cuarto.*

MATERIA	ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA
---------	----------------------------------

- ❖ *Búsqueda e localización de citas nos Evanxeos.*
- ❖ *Citas Bíblicas.*
- ❖ *Tempos litúrxicos: Advento e Nadal.*
- ❖ *A vida de Xesús.*
- ❖ *Milagres de Xesús.*
- ❖ *Actitudes negativas no noso comportamento.*
- ❖ *Discriminacións de actitudes constructivas das destructivas.*
- ❖ *Paixón, Morte e Resurrección de Xesús.*

MATERIA	ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA
---------	---------------------------------

Ser capaz de orientarse no espazo en relación ás posicións doutros compañeiros e obxetos.

Ser capaz de lanzar, recibir e interceptar obxetos.

Realizar saltos e xiros de xeito coordinado.

Ser capaz de botar en desprazamento

Expresarse e comunicarse a traves do corpo.

Interpretar ritmos sinxelos

Poñer en práctica as normas de saúde corporal coñecidas.

Participar activamente nos xogos e actividades propostas.

Tomar conciencia das capacidades e limitacións do deu corpo.

Executar as habilidades e destrezas a través do xogo.

Respetar as normas da clase de Educación Física.

8.- Instrumentos de avaliación.

Como instrumentos de avaliación destacamos:

- *Análise de tarefas e actividades encomendadas.*
- *Intervención e preguntas orais.*
- *Comprobación de traballos escritos.*
- *Probas orais e escritas.*
- *Observación sistemática da aprendizaxe do alumnado dando maior importancia ao proceso que ao resultado final.*
- *Participación nos diálogos e reproducións orais do curso.*
- *Proxectos realizados ao longo do curso.*
- *Esforzo e actitude positiva cara á materia.*
- *Colaboración cos compañeiros e co profesor.*

9.- Procedementos de avaliación.

Na avaliación diferenciaranse tres momentos:

- *Avaliación inicial para establecer o punto de partida do alumnado, levarase a cabo o inicio de cada curso.*
- *Avaliación formativa ó longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Dita avaliación permitiranos regular todo o proceso, xestionar erros e consolidar éxitos.*
- *Avaliación final para determinar ata que punto se acadaron os obxectivos propostos e facer propostas de mellora para vindeiros cursos.*

10.- Criterios de cualificación.

MATERIA	ÁREA DE COÑECEMENTO
---------	---------------------

* *COMPETENCIA COMUNICATIVO LINGÜÍSTICA.*

-*Adquire e utiliza vocabulario variado, significativo e abundante. (0,5 puntos)*

-*Comprende e expresa tanto de forma oral como escrita a nova información en diferentes tipos de textos. (0,5 puntos)*

* *COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.*

-*Amosa una actitude investigativa e respectuosa. (1 puntos)*

-*Organiza en mapas conceptuais e esquemas os contidos aprendidos. (1'5 puntos)*

-*Obtén e interpreta información acerca do medio físico que o rodea. (1'5 puntos)*

* *COMPETENCIA MATEMÁTICA.*

-*Utiliza a linguaxe para poñer en práctica procesos de razoamento. (0,25 puntos)*

-*Realiza diferentes tipos de clasificacións e categorías. (0,25 puntos).*

* *TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.*

- Busca, analiza, selecciona e organiza información. (0,5 puntos)
- Utiliza de xeito autónomo os recursos da aula virtual. (0,5 puntos).

*** COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.**

- Mostra actitudes de respecto e diálogo cara os demais e un mesmo (0,5 puntos).
- Practica o diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos. (0,5 puntos).

*** COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.**

- Valora e coñece as manifestacións culturais do entorno. (0,5 puntos).
- Utiliza diferentes linguaxes plásticas como medio de transmisións de coñecementos, ideas e feitos. (0,5 puntos).

*** COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER.**

- Manifesta iniciativa para buscar información, ler, traballar en equipo,... (0'5 puntos)
- Escoita de forma activa e participativa en todas as actividades propostas. (0'5 puntos)

*** AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.**

- Adquire e interioriza bos hábitos. (0,25 puntos).
- Usa unha linguaxe positiva e realista para falar de si mesmo e dos demais. (0'25 puntos)

MATERIA	ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA
---------	------------------------------------

A.- EDUCACIÓN MUSICAL.

As cualificacións serán repartidas nos tres bloques de contidos, dándolle a cada un a porcentaxe do 33,3 % do total.

B.- PLÁSTICA E VISUAL.

- 20% traballo individual (todas as competencias)
- 20% traballo en grupo (todas as competencias)
- 20% actitude (todas agás a matemática e a Tic)
- 20% recoñecemento e uso da lingua inglesa e termos de PV (todas as competencias)
- 20% aprendizaxe de técnicas e conceptos de PV (todas as competencias)

MATERIA	ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
---------	--

COMPETENCIA MATEMÁTICA (ATA 0.5 PUNTOS)

- Comprende a importancia dos números (para indicar enderezos, páxinas, numerar pasos nun texto,...).....ata 0.25puntos

- Realiza diferentes tipos de clasificacións e categorías..... ata 0.25 puntos

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO (ATA 1 PUNTO)

- Obten e interpreta información acerca do medio físico que o rodea..... ata 0.5 puntos.
- Uso do vocabulario específico para o enriquecemento das súas creacións..... ata 0.5 puntos.

COMPETENCIA COMUNICATIVO LINGÜÍSTICA (ATA 4 PUNTOS)

- Le, comprende e expresa de xeito oral a escrito opinión e reflexións sobre o lido.....
..... ata 1 puntos.
- Escribe aplicando as regras ortográficas e gramaticais, de acetuación e puntuación aprendidas en diferentes tipos de textos.....
ata 1 puntos
- Participa e respeta a estrutura dunha conversa..... ..ata 1 puntos
- Utiliza diferentes tipos de textos.....ata 1 puntos

COMPETENCIA TIC (ATA 1 PUNTO)

- Busca, analiza, selecciona e organiza información ata 0,5puntos.
- Utiliza de xeito autónomo os recursos da aula virtual..... ata 0,5 puntos.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (ATA 1 PUNTO)

- escoita durante es explicacións ata 0.25 puntos
- Coñece e acepta a todos os membros do grupo; practica o diálogo e a negociación na resolución de conflitos ata 0.50 puntos
- Colabora nas tarefas de grupo ata 0.25 puntos

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA (ATA 1 PUNTOS)

- Respecta a cultura de Galicia e valora a diversidade..... ata 0.25 puntos
- Desenvolve a creatividade mediante a redacción de textos, poemas, realizacións plásticas,..... ata 0,5 puntos
- Goza coa dramatización de textos, recitado de poemas, aprendizaxe de refráns, .ata 0,25 puntos

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (ATA 0.5 PUNTOS)

- *Utiliza técnicas de estudo que facilitan a aprendizaxe: resumos, esquemas, clasificacións,..*
..... *ata 0.25 puntos*
- *Sabe obter información e identifica as principais ideas dun texto.....* *ata 0.25 puntos*

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL (ATA 1 PUNTO)

- *Capacidade para tomar decisións e organizar o traballo de xeito autónomo; responsabilidade na realización das tarefas asignadas*
..... *ata 0.50 puntos*
- *Valoración realista dos resultados do esforzo realizado e valoración positiva de si mesmo*
..... *ata 0.50 puntos*

MATERIA	ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA
---------	---

1º NIVEL.

As cualificacións serán repartidas nos cinco bloques de contidos, dándolle a cada un a porcentaxe do 20 % do total.

2º NIVEL.

COMPETENCIA MATEMATICA (ATA 0.5 PUNTOS)

- *Comprende a importancia dos números (para indicar enderezos, páxinas, numerar pasos nun texto,..).*.....*ata 0.25puntos*
- *Realiza diferentes tipos de clasificacións e categorías.....* *ata 0.25 puntos*

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO (ATA 1 PUNTO)

- *Obten e interpreta información acerca do medio físico que o rodea.....* *ata 0.5 puntos.*
- *Uso do vocabulario específico para o enriquecemento das súas creacións.....* *ata 0.5 puntos.*

COMPETENCIA COMUNICATIVO LINGÜÍSTICA (ATA 4 PUNTOS)

- *Le, comprende e expresa de xeito oral a escrito opinión e reflexións sobre o lido.....*
..... *ata 1 puntos.*
- *Escribe aplicando as regras ortográficas e gramaticais, de acetuación e puntuación aprendidas en diferentes tipos de textos.....*
..... *ata 1 puntos*
- *Participa e respeta a estrutura dunha conversa.....* *..ata 1 puntos*

- Utiliza diferentes tipos de textos.....ata 1 puntos

COMPETENCIA TIC (ATA 1 PUNTO)

- Busca, analiza, selecciona e organiza información ata 0,5puntos.
- Utiliza de xeito autónomo os recursos da aula virtual..... ata 0,5 puntos.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (ATA 1 PUNTO)

- escoita durante es explicacións ata 0.25 puntos
- Coñece e acepta a todos os membros do grupo; practica o diálogo e a negociación na resolución de conflitos ata 0.50 puntos
- Colabora nas tarefas de grupo ata 0.25 puntos

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA (ATA 1 PUNTOS)

- Respecta a cultura de Galicia e valora a diversidade..... ata 0.25 puntos
- Desenvolve a creatividade mediante a redacción de textos, poemas, realizacións plásticas,..... ata 0,5 puntos
- Goza coa dramatización de textos, recitado de poemas, aprendizaxe de refráns,..ata 0,25 puntos

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (ATA 0.5 PUNTOS)

- Utiliza técnicas de estudo que facilitan a aprendizaxe: resumos, esquemas, clasificacións,.. ata 0.25 puntos
- Sabe obter información e identifica as principais ideas dun texto..... ata 0.25 puntos

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL (ATA 1 PUNTO)

- Capacidade para tomar decisións e organizar o traballo de xeito autónomo; responsabilidade na realización das tarefas asignadas ata 0.50 puntos
- Valoración realista dos resultados do esforzo realizado e valoración positiva de si mesmo ata 0.50 puntos

MATERIA	ÁREA DE MATEMÁTICAS
---------	----------------------------

COMPETENCIA MATEMÁTICA (ATA 4 PUNTOS)

- *Grado de aplicación dos conceptos matemáticos aprendidos en situación cotiás (manexo das moedas, interese polo reloxo, recoñecemento de figuras xeométricas no entorno, ...)* ata 1 punto
- *Capacidade de cálculo (uso das operación e corrección nos cálculos)*..... ata 1 punto
- *Solución de problemas* ata 1 punto
- *Uso das estratexias de estimación e medida* ata 0.5 puntos
- *Uso de técnicas de rexistro e representación gráfica* ata 0.5 puntos

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO (ATA 1 PUNTO)

- *Investiga no seu entorno en busca de exemplos dos contidos aprendidos; Obtén e interpreta información acerca do medio físico que o rodea*..... ata 0.5 puntos.
- *Organiza en mapas conceptuais e esquemas os contidos aprendidos*..... ata 0.5 puntos.

COMPETENCIA COMUNICATIVO LINGÜÍSTICA (ATA 1 PUNTO)

- *Adquire e emprega vocabulario relacionado coa materia*..... ata 0,5 puntos.
- *É quen de resolver encrucillados, sopas de letras,* ata 0,5 puntos.

COMPETENCIA TIC (ATA 1 PUNTO)

- *Busca, analiza, selecciona e organiza información* ata 0,5 puntos.
- *Utiliza de xeito autónomo os recursos da aula virtual*..... ata 0,5 puntos.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (ATA 1 PUNTO)

- *Escoita durante es explicacións* ata 0.25 puntos
- *Coñece e acepta a todos os membros do grupo; practica o diálogo e a negociación na resolución de conflitos* ata 0.50 puntos
- *Colabora nas tarefas de grupo* ata 0.25 puntos

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA (ATA 0.5 PUNTOS)

- *Realiza un debuxo, gráfico ou similar, seguindo as indicacións* ata 0.25 puntos
- *Presenta as tarefas claras, limpas e ordenadas* ata 0.25

puntos

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (ATA 0.5 PUNTOS)

- *Entende os enunciados dos exercicios; Comprende, analiza e resolve un problema..... ata 0.25 puntos*
- *Atención e perseverancia na realización das tarefas escolares ata 0.25 puntos*

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL (ATA 1 PUNTO)

- *Capacidade para tomar decisións e organizar o traballo de xeito autónomo; responsabilidade na realización das tarefas asignadas ata 0.50 puntos*
- *Valoración realista dos resultados do esforzo realizado e valoración positiva de si mesmo ata 0.50 puntos*

MATERIA	ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA
---------	-----------------------------------

COMPETENCIA COMUNICATIVO LINGÜÍSTICA

- ❖ *Uso do vocabulario específico.*
- ❖ *Reproducción de diálogos, cancións... cuidando a expresión, entonación, ritmo e pronunciación.*
- ❖ *Comprensión global do texto.*
- ❖ *Selección do relevante do texto para preguntas concretas.*
- ❖ *Producción de textos propios partindo de modelos dados.*

COMPETENCIA MATEMATICA

- ❖ *Uso correcto e secuenciado en diálogos, descripciones ou pregunta-resposta.*
- ❖ *Orde e organización nas tarefas presentadas.*

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

- ❖ *Presentación clara e ordenada do traballo realizado.*
- ❖ *Adaptación do uso da lingua ao propio alumno e ao seu entorno.*
- ❖ *Creatividade na adaptación de diálogos establecidos.*
- ❖ *Esforzo e interese na reprodución e adaptación de contos, proxectos, cancións...*

COMPETENCIA TIC

- ❖ *Interés polo uso das ferramentas do sistema.*
- ❖ *Interés polos exercicios da Aula Abalar dispoñibles na rede.*

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

- ❖ *Responsabilidade na realización das tarefas asignadas.*
- ❖ *Colaboración nas tarefas de grupo.*
- ❖ *Capacidade para tomar decisión e organizar o traballo de xeito autónomo.*

- ❖ *Mostra actitudes de respecto e diálogo cara os demais e un mesmo.*

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

- ❖ *Disfrute da expresión artística.*
- ❖ *Creatividade nas actividades teatrais, diálogos, exposicións e actividades complementarias.*

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

- ❖ *Autocontrol da atención e perseverancia na tarefa.*
- ❖ *Capacidade para tomar decisión e organizar o traballo de xeito autónomo.*

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- ❖ *Toma de decisións.*
- ❖ *Actuación flexible e dialogante en situacións problemáticas.*

Á hora de avaliar sumaranse os resultados da seguinte maneira:

*COMPORTAMENTO 20% Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico
Competencia social e cidadá
Competencia cultural e artística
Competencia aprender a aprender
Autonomía e iniciativa persoal*

ACTIVITY BOOK, TEST E PROJECTS 40% Todas as competencias.

USO DA LINGUA ORAL E ACT OUTS 40% Todas as competencias

Estas competencias serán valoradas por medio dos instrumentos de avaliación e terán diferente puntuación según o traballo que nese momento esteamos a realizar e como resulten as estratexias a seguir tendo en conta que é o primeiro curso que nesta materia traballamos a través das competencias básicas.

MATERIA	ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA
---------	----------------------------------

Faise unha avaliación continua ó longo do curso tendo en conta:

- *O traballo persoal e diario dos alumnos 40% .*
- *A actitude do alumno fronte ós seus compañeiros e o respecto e participación no grupo 30%*
- *O grao de formación que acadan, actitudes e valores 30%.*

11.- Procedementos para a realización da avaliación inicial.

MATERIA	ÁREA DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ
---------	--

A avaliación inicial será realizada a través dunha proba escrita na que se incluírán:

- Lectura dun texto e extracción das ideas principais.
- Narrar unha historia(4º). Ordear palabras para formar frases(3º).
- Exercicios para identificar nomes común e propios(3º). Exercicios de xénero e número(4º)
- Clasificar os determinantes (4º)
- Identificar o verbo. Ver en que tempo está (4º).
- Construír frases a partir de palabras dadas.
- Describir a unha persoa.
- Distinguir sinónimos e antónimos.

MATERIA	ÁREA DE MATEMÁTICAS
---------	----------------------------

A avaliación inicial será realizada a través dunha proba escrita na que se incluírán:

** Exercicios de cálculo (suma e resta levando e sen levar con números ata tres cifras no caso do alumnado de terceiro; e suma, resta levando, multiplicación e división de números ata cinco cifras por unha cifra no caso dos alumnos de cuarto).*

** Problemas (con sumas e restas no caso do alumnado de terceiro e con sumas, restas, multiplicacións e divisións no alumnado de cuarto).*

** Actividades que impliquen o manexo das moedas e do reloxo.*

** Actividades que impliquen a estimación de medidas.*

12.- Plans de seguimento das materias pendentes.

Para o alumnado con problemas na súa aprendizaxe plantexaremos as actividades de reforzo de xeito individualizado, partindo dos seus coñecementos previos e respectando o ritmo de cada un.

*Dende a area de **lingua estranxeira**, propóñse:*

O alumnado con dificultades terá unha adaptación dos contidos de cada unidade, especialmente na expresión escrita e na cantidade de vocabulario e expresións que aparecen para cada tema. Priorizarase a adquisición oral e escrita sobre a produción. Alumnos con pequenos problemas de aprendizaxe e/ou conduta. As adaptacións centraranse en: Tempo e ritmo de aprendizaxe. Metodoloxía máis personalizada. Reforzar as técnicas de aprendizaxe. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes. Aumentar a atención orientadora. O alumno terá fichas adaptadas para traballar en cada tema se a capacidade de aprendizaxe así o require unha vez feita a avaliación inicial de cada tema.

Se as dificultades son graves entóns recurrirase as ACIs que serán elaboradas co asesoramento do demais profesorado do centro que traballe co alumno, ademais do Departamento de Orientación. Este alumnado será avaliado en función da observación diaria e cuns items diferentes ao resto do alumnado de forma consensuada unha vez coñecidas as carencias ou dificultades.

13.- Procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria.

Non se contempla

14.- Metodoloxía didáctica.

A metodoloxía a levar a cabo na aula contará cuns principios metodolóxicos comúns a por en práctica en todas as áreas do currículo.

Asemade cada materia desenvolverase tendo en conta unha serie de directrices propias fixadas nas programacións.

Tamén se terá en conta unha vinculación metodolóxica que continúe co traballo feito no primerio ciclo de Educación Primaria.

Os nosos principios metodolóxicos baséanse en:

- Atender aos diferentes ritmos do alumnado.*
- Fomentar o traballo cooperativo.*
- Partir da aprendizaxe significativa que converte ao alumnado en protagonista da súa aprendizaxe.*
- Partir dos intereses do alumnado.*
- Potenciar a actividade.*
- Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar as distintas competencias.*
- Dotar os contidos dun enfoque integrador, promovendo a globalización.*
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados e conseguindo que as nenas e nenos desenvolvan diversos xeitos de actuación e adquiran a capacidade de enfrontarse a situacións novas.*
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender.*
- Introducirse no traballo por proxectos.*
- Introducir as TIC's (técnicas da información e da comunicación).*
- Utilizaranse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para respostar axeitadamente ás necesidades concretas do noso alumnado.*

*Dende a área de **lingua estranxeira**, propóñese:*

- ❖ Metodoloxía integradora, lúdica, participativa e estimulante.*
- ❖ Parte dos coñecemento próximos á propia experiencia do alumnado contactando con outras áreas do currículo e fomentando progresivamente o coñecemento dunha realidade multicultural adaptada ao Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (documento elaborado polo Consello de Europa).*
- ❖ Considerarase ao alumnado como actores sociais que interactúan mediante realizacións, que non son únicamente de linguaxe, nunhas circunstancias e nun*

contexto dado, e asumindo que a comprensión do outro é a base da comunicación.

- ❖ O papel do profesor será un papel de supervisor e facilitador tendo en conta os comentarios e esforzos do alumnado e coordinando o traballo que se está a realizar.
- ❖ A transversalidade será unha constante da metodoloxía.
- ❖ A diversidade estará presente dentro do traballo diario ao realizarse tarefas con distinto grao de dificultade ao mesmo tempo sempre que sexa necesario e cando elaborem os traballos en grupo.
- ❖ Os erros serán corrixidos cando interfiran na comunicación e o vocabulario e estruturas serán traballados a través de distintos métodos de adquisición (repeicións, uso de grabacións reais, respostas e preguntas concretas, exercicios de completar ocos, representacións teatrais, e programas interactivos co uso das TIC..)
- ❖ O obxectivo prioritario será a comunicación oral.
- ❖ O libro de texto será un recurso máis a empregar, subordinándose sempre o seu uso á metodoloxía anteriormente exposta.

Dende a área de **relixión católica**, propóñese:

O achegamento á realidade do neno realizarémolo mediante actividades de distinta natureza: a observación directa e indirecta da obra de Deus e a dos homes; Observación de fotografías; Xogos motores e xestuais; actividades de tipo intelectual como clasificacións de elementos da creación.

- ❖ Para interiorizar todos os textos bíblicos utilízanse actividades de expresión plástica e escenificacións. Neste primeiro ciclo de Educación primaria o obxectivo non é que o neno alcance o significado profundo do texto, senón que coñeza todos os episodios da Biblia que lle presentamos. É importante que vaia lembrando nomes de personaxes, lugares e acontecementos relacionados con cada un deles. Nesta unidade debuxan nun folio o relato que o profesor lles conta.
- ❖ Prestarase unha atención individual para comprobar os avances e as dificultades así como os ritmos de aprendizaxe para chegar a axuda pedagóxica e reforzar esta cando sexa necesario. Esta atención individual servirá tamén para formular actividades de ampliación dirixidas a aqueles alumnos que teñan un nivel de dominio das aprendizaxes básicas satisfactorio.
- ❖ O proceso de ensino-aprendizaxe levarase a cabo nun contexto lúdico e de relación cooperativa. Por esta razón utilizaremos agrupamentos de alumnos con distintas capacidades e que favorezan a axuda mutua.
- ❖ Planificáronse actividades individuais, en parella e para o grupo-clase.
- ❖ Utilizamos o método de ensino colectivo, nos momentos en que o profesor fai a presentación das distintas actividades e á hora de sintetizar a unidade. Nesta unidade tamén se presenta colectivamente o tema transversal a través de diapositivas.
- ❖ Escenificación do relato da creación, con todo o grupo e participación activa de cada alumno.

15.- Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.

- Diferente material bibliográfico facilitado polas familias e o propio centro. En cada

proxecto de traballo organizarase en cada aula un recanto con diferente información, en colaboración coa biblioteca do centro.

- Mapas.
- Material variado como brúxulas, termómetros, cintas métricas, pesas,...
- Material do laboratorio: esquelete, musculatura, sentidos, minerais e rochas...
- Cadernos de traballo.
- Materiais recollidos da Natureza.
- Ordenador e canon.
- Aula virtual.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Diferentes libros de lectura.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Instrumentos de percusión “Orff”, frautas de pico, unha guitarra española, un baixo eléctrico, diversos bongoes, timbais, yembés, unha cortina de percusión, un gong de orquestra, pratos e instrumentos galegos.
- Teclados electrónicos, DVD , lectores de CD e MP3 e unha extensa colección de música e programas musicais.
- Mesa de mezclas e un equipo de son formado por un amplificador, altofonantes e varios micrófonos.

Cadernos de Lengua Castellana ED. Anaya. 3º e 4º

Cadernos de matemáticas Ed. Santillana 3º e 4º

Libro de texto Lingua Galega Ed. Anaya 3º e 4º

Libreta de traballo.

Diccionario Lengua Castellana

Revistas, xornais, folletos publicitarios,...

Fotos, dvs, pens, ...

Xogos de mesa

Reglas, escadras, cartabóns, transportadores e compases.

Reproducións de distintas figuras e corpos xeométricos.

Diverso material de medida: metros de distintos tipos, balanzas de distintos tipos, vasos para medición de líquidos, ...

Reloxos de varios tipos

Moedas e billetes

Libros e cadernos con diversos exercicios de matemáticas: problemas, contas de cálculo, ...

*Dende a area de **lingua extranxeira**, propónse:*

- *Guía do Profesor, Teacher’s Resource Pack, Caderno de Avaliación, Libro de texto (class book, activity book) fotocopias para a elaboración de proxectos, photocopy master book, biblioteca, programas interactivos co uso das TIC, aula de informática. Audio CDs, DVD, material Abalar, efemérides para a realización dos projects, realia...*

*Dende a area de **relixión católica**, propónse:*

- *Libro de texto.*
- *Biblia.*
- *Debuxos.*
- *Vídeos.*

- Relatos.
- Cancións.
- Diapositivas.

16.- Medidas de atención a diversidade.

A propia metodoloxía empregada baseada en proxectos de traballo converterase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do titor naqueles casos que sexa necesario, así como apoios polo profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de aparecer alumnado con NEAE, estaremos en contacto co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requeridos e o seguimento da evolución. Nos casos xa diagnosticados levarase unha estreita coordinación entre a titoría e o resto de especialistas e continuarase coas medidas de atención á diversidade xa iniciadas o curso anterior.

Os criterios para a organización e a distribución dos recursos no ciclo intentan dar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa.

Neste ciclo están atendidos/as pola profesora de pedagogía terapéutica un total de 8 alumnos/as e, polo profesor de audición e lingüaxe outros 3 .

Todos estes apoios van cambiando ao longo do curso segundo as necesidades e as evolucións dos nenos/as, pensando sempre que este reforzo é transitorio. Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de lingua e matemáticas. Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o departamento de orientación.

O profesorado deste ciclo que dispón de sesións realiza apoios temporais noutras aulas do ciclo, e tamén atende alumnado fora da aula. Neses apoios traballase o currículo, garantíndolle ao alumno/a con necesidades acadar os contidos da materia que se está a impartir na aula. Esta atención individualizada incide en aspectos curriculares e en estratexias de aprendizaxe.

*Dende a área de **lingua estranxeira**, propónse:*

As actividades de reforzo e ampliación permiten darlle unha atención individualizada ós alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. Inclúense ideas en todas as leccións para dar resposta ás diversas situacións que se presentan na aula.

Propóñense actividades de reforzo e consolidación para os alumnos.

Así pois todas as aulas terán fichas de reforzo para aquel alumnado que finalice as tarefas antes que o resto, dispoñen tamén de xogos para traballar en parellas e reforzar a expresión oral.

O alumnado con máis dificultades reforzará o vocabulario de forma individual co profesor mentras o resto do alumnado traballa de forma individual ou en grupos.

Cando sexa o turno de traballar en grupos o alumnado con menos capacidades para a materia traballará nas tarefas de produción oral ou escrita que presenten menos dificultades.

Ademáis, o alumnado con dificultades de aprendizaxe máis serias terá unhas fichas aparte elaboradas polo profesor ao principio de cada unidade.

O alumnado con deficiencias graves terá as ACIs elaboradas coa colaboración do Equipo de Orientación, de Pedagogía Terapéutica e o tutor do alumno. Así como un baremo diferente á hora de ser avaliados que se establecerá unha vez analizadas as dificultades dese alumnado e consensuado co departamento de PT e Orientación.

Téñense en consideración as diferencias nas habilidades, as aptitudes e as necesidades dos alumnos individualmente e tense como obxectivo conseguir unha experiencia de aprendizaxe afectiva e unha atmósfera flexible de aprendizaxe que permita diferentes niveis de éxito entre os alumnos. Este enfoque diferenciado sobre a aprendizaxe pode ser observado a través dos diferentes niveis de participación do alumnado nas actividades. Algúns alumnos terán papeis máis difíciles que outros e as tarefas de escritura persoalizada proveerán unhas oportunidades para diferentes niveis de produción. Os alumnos acercaranse ás tarefas de lectura de diferentes maneiras relacionando o seu propio coñecemento ao texto e facendo uso das diferentes axudas visuais para chegar á comprensión. A variedade do input, os tipos de tarefas e os contidos deste nivel permitirán tamén diferentes estilos de aprendizaxe e o desenvolvemento de diferentes habilidades cognitivas.

Así mesmo aplicaranse fichas de reforzo e ampliación para aqueles alumnos que as necesiten.

Dende a area de **relixión católica**, propónse:

Elaboraránse fichas de reforzo para os alumnos que presenten dificultades

Plan de atención ao alumnado que non opte pola ensinanza de relixión:

Segundo indica a normativa vixente, os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado cuxos pais ou titores non optasen polas ensinanzas de relixión, reciban a debida atención educativa e para que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación algunha.

Ao principio de cada curso escolar os pais, nais ou titores legais poderán optar polas ensinanzas de Relixión ou pola Atención Educativa.

As medidas organizativas que dispoñan os centros deberán ser incluídas no proxecto educativo para que familias e titores/as as coñezan con anterioridade.

As actividades educativas deberán desenvolverse en horario simultáneo ao das ensinanzas de Relixión e estarán orientadas a:

- Desenvolver a capacidade de atención.
- Desenvolver hábitos de atención e escoita.
- Perfeccionar a expresión oral.
- Desenvolver a imaxinación.

- Fomentar nos alumnos o interese pola lectura.
- Adquirir competencias relacionadas coas novas tecnoloxías.

No presente curso escolar centraremos as actividades en torno ao mundo do teatro, nas súas distintas facetas: teatro lido, teatro de monicreques e pequenas representacións teatrais a cargo do alumnado adscrito á Atención Educativa.

En ningún dos casos as devanditas actividades comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a outra área da etapa.

As familias terán información das actividades que se realizan nestas sesións para poder decidir sobre as opcións que se lles presentan.

A Atención Educativa será atendida pola titoría do grupo de referencia ou por profesorado anexo ao ciclo.

Ao inicio da escolarización, realizaranse os agrupamentos do alumnado que no reciba ensinanzas de Relixión de xeito que non supoña ningún tipo de discriminación.

17.- Programación da educación en valores.

A educación en valores será un dos eixos transversais que estará presente o longo de toda esta programación. A educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, para a saúde e calidade de vida, a educación para o lecer, a educación para o consumidor e a viaria estarán presentes non só nos propios obxectivos e contidos, senón tamén na proposta de actividades complementarias. A educación en valores abordarase dende os propios procesos de ensino-aprendizaxe así como nas horas de titoría co alumnado, nas actividades propostas polos distintos equipos de dinamización así como nas saídas extraescolares.

18.- Accións de contribución ao proxecto lector.

Participarase nas diversas actividades organizadas a nivel de ciclo e de centro por parte do equipo de dinamización da biblioteca. Adicarase dentro do horario de aula unha sesión de 25 minutos a lectura en grupo e individual. Contamos no nivel con libros seleccionados para o itinerario lector.

Dende a área de **lingua estranxeira**, propónse:

No curso 2013/14 traballarase, como xa ven sendo habitual, a lectura comprensiva en dúas sesións de cada unidade temática: unha sesión está relacionada co texto do diálogo que despois representa o alumnado ante toda a clase e a outra sesión está relacionada coa historieta que presenta o libro do Explorers en cada unidade ou coa lección dedicada a lectura comprensiva que presenta o libro de Explorers en 3º ciclo.

Ademais practicarase lectura comprensiva a través de libros, revistas e soporte dixital que irán rotando polas aulas e que estarán a disposición do alumnado sempre que teñan tempo libre e que tamén poden levar para as súas casas.

Os projects que se realicen constarán de algunha actividade na que se reflexe a lectura comprensiva.

19.- Accións de contribución ao plan TIC.

Participarase naquelas actividades que se organicen a nivel de ciclo e de centro por parte do equipo de dinamización das TIC's. Tamén se terán en conta as ofertas que vaian xurdindo ao longo do curso escolar por se fosen de interese ou estivesen relacionadas coa materia ou os propios temas transversais ou competencias básicas, deixando así unha porta aberta á súa posible realización.

Cada aula do segundo ciclo conta cun canon e un ordenador que posibilitarán todas estas actividades e que permiten ademáis un uso continuado e diario das Tic's dentro da aula de diferentes xeitos: consultando internet, utilizando o canon, o propio ordenador,.... Contamos con "aulas virtuais" dentro da plataforma moodle da páxina web do centro que nos permitirán un contacto permanente coas familias así como contar tanto dentro coma fóra da aula cunha ferramenta de traballo co noso alumnado que, sen dúbida, contribuirá notablemente ao desenvolvemento da competencia dixital, entre outras moitas.

*Dende a area de **lingua estranxeira**, propónse:*

Utilizaranse diversos soportes dixitais en cada unidade da materia na que o alumnado poida traballar a través das tecnoloxías. Moitas actividades serán aprendidas de videos de Internet, a onde os alumnos poderán recurrir tanto na clase, na biblioteca, na aula de informática (cando o horario o permita), ou na propia casa. Así mesmo utilizaranse os CD-Roms que os libros de texto proporcionan para que o alumnado poida avaliar de forma autónoma a súa aprendizaxe.

Os projects incluírán unha parte na que deban usarse as TICs.

20.- Accións de contribución ao plan de convivencia.

No segundo ciclo se traballará dende as titorías co alumnado para mellorar a convivencia escolar, facendo especial fincapé na tarefa de prevención de conflitos.

Sistematicamente adicaremos unha sesión semanal para ir trallando os distintos obxectivos especificados no Plan de Convivencia do centro e, de xeito extraordinario, cando xurdan condutas disruptivas ou calquera tipo de problema que altere a boa convivencia na vida escolar.

21.- Actividades complementarias e extraescolares.

- Participar nas celebracións de festas populares co Centro (agosto, entroido, samaín, maíos. . .) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...)

- Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas.

- Acudir á Casa da Cultura para presenciar os actos culturais que se nos ofrezan.

*Dende a area de **lingua estranxeira**, propónse:*

As actividades complementarias e extraescolares así como as festividades e os temas culturais proporcionan oportunidades de gran valor para a integración do alumnado ofrecendo momentos adecuados para organizar actividades na que os alumnos traballen xuntos.O inglés terá sido en conta nas actividades complementarias, tales como festivais,

animación á lectura, biblioteca,...

Así programaránse dentro desas actividades obriñas en inglés, cancións,... que motivarán ao alumnado desta etapa a traballar na aula xa que existe unha finalidade concreta que é amosar os nosos coñecementos fora da aula, e que é un dos obxectivos da aprendizaxe constructivista: que a aprendizaxe teña unha proxección que vaia máis alá de nos mesmos.

Inclúense normalmente nas Festividades (Halloween, Christmas, Easter), Día da Paz, Día do Medio Ambiente...

*Dende a area de **relixión católica**, propóñense:*

- A celebración do Nadal.*
- Semana Santa.*
- O día da Paz.*
- O día do pai e da nai.*
- Facemos traballos representativos de cada celebración (individuais ou en grupo).*

22.- Procedementos para avaliar a propia programación.

- Impartición do 80% da materia.*
- Superación dos contidos mínimos esixibles polo 50 % do alumnado.*